1004674	9921DGJ	PARDIÑO PIÑON MARIA VICTORIA	33319011S	07/04/2010	ESTACIONAR ZONA AZUL EXCEDE TIEMPO MAXIMO AUTORIZADO(H.LLEGADA 14:55)	94	CL TIERRA 1	90	
1004690	0646FDJ	SEANE MARTIÑO EVA MARIA	32622571S	07/04/2010	ESTACIONAR ZONA AZUL Y NO COLOCAR A LA VISTA DISCO CONTROL O SIMILAR	94	CL TIERRA 5	90	
1004691	M3394NF	ATMACA MARILENA FLORENTA	X6641413W	07/04/2010	ESTACIONAR ZONA AZUL,NO COLOCAR A LA VISTA DISCO CONTROL O SIMILAR	94	CL TIERRA 5	90	
1004695	9921DGJ	PARDIÑO PIÑON MARIA VICTORIA	33319011S	08/04/2010	ESTACIONAR Z. AZUL REBASA TIEMPO O COLOCA HORA DIFERENTE A LLEGADA(INDICA 19:18)	94	CL TIERRA 1	90	
1004698	2863GJW	PATIÑO VAZQUEZ SERGIO	32679966W	08/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL Y NO COLOCAR A LA VISTA DISCO CONTROL ALGUNO	94	CL MAGDALENA 90	90	
1004712	2477GNG	FARALDO MAYO OSCAR	33275929N	09/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL Y NO COLOCAR A LA VISTA DISCO CONTROL ALGUNO	94	CL CONCEPCION ARENAL 17	90	
1004728	C9062BF	GOMEZ LUQUE ALEXIS	52914196M	08/04/2010	ESTACIONAR CARGA-DESCARGA DENTRO DE HORARIO SIN ESTAR AUTORIZADO PARA ELLO	91	CL MAGDALENA 172	92	
1004729	C2202BD	GOMEZ SANTIAGO ANTONIO	32654211F	06/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL SIN DISCO DE CONTROL HORARIO	94	CL MARIA-CL HOSPITAL	90	
1004730	C9394CH	FERREIROA SANTOS MANUEL CARLOS	32634911G	27/03/2010	CONDUCCION NEGLIGENTE(CIRCULA DIRECCION PROHIBIDA DE FORMA NEGLIGENTE)	3	CL RUBALCAVA	150	
1004735	4668FDM	GUEVARA QUINTANA MANUEL ERNESTO	X3733596Y	02/04/2010	ESTACIONAR EN UN VADO (N.º VADO 1359)	91	CL MIRAMAR 15	92	
1004740	5731BRK	MARTIN PIZCUETA DAVID	53185276F	07/04/2010	ESTACIONAR EN UNA CALLE PEATONAL	91	CL MAGDALENA 29	92	
1004741	0436CKB	LEIRAS GRANJA GERARDO	32639022K	07/04/2010	CIRCULAR CON EL VEHICULO POR UNA CALLE PEATONAL	121	CL REAL	60	
1004744	1418DPJ	LOSADA LOUREIRO ANA MARIA	32627988G	08/04/2010	ESTACIONAR EN UN CARRIL DE CIRCULACION	91	CL EDUARDO PONDAL 25- 27	92	
1004746	5009DPF	GONZALEZ PEREZ BRUNO	32599398A	08/04/2010	ESTACIONAR LUGAR PROHIBIDO POR MARCA VIAL AMARILLA(ENTORPECE GIRO VEH.)	171	CL PONTEVEDRA 19	90	
1004748	SE2239DH	DIAZ PERILLE JOSE MARIA	32605663N	08/04/2010	ESTACIONAR LUGAR PROHIBIDO POR LINEA AMARILLA(DIFICULTA GIRO VEHICULOS)	171	CL CUNTIS 55	90	

N.º EXPTE.	MATRICULA	NOME	DNI	DATA DENUNCIA	FEITO DENUNC.	ARTIGO RGC	LUGAR FEITO	IMPORTE	PUNTOS
1004756	7946CCY	BELLO MEDINA SOL CAROLINA	32714978P	09/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA DE CARGA Y DESCARGA	91	CL VALDOVIÑO 8	92	
1004762	2510FZV	FERNANDEZ NIDAGUILA MARIA JOSE	32601963S	12/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA PEATONAL	91	CL MAGDALENA 11	92	
1004764	7978BRG	MARTINEZ SEARA FELIX	32575502G	04/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA PEATONAL	91	PZ DE LA CONSTITUCION	92	
1004769	8990FSN	RON POCH Y J L SL	B15721913	08/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL SIN COLOCAR A LA VISTA DISCO CONTROL HORARIO	94	CL IGLESIA 66	90	
1004772	3071BBR	PITA LAGE ANGELA MARIA	32716563Y	12/04/2010	CONDUCCION NEGLIGENTE(CIRCULA POR PASO PEATONES LONGIT. CHOCA CON VEH.)	3	ESTACIONAMIENTO AL-CAMPO	300	4
1004773	5812BYD	RISSO ROMERO GONZALO	32632207Z	12/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL SIN COLOCAR DISCO CONTROL QUE LO HABILITA	94	CL MARIA 92	90	
1004778	2254CJL	MARTINEZ SANCHEZ JOSE RAMON	76416618S	12/04/2010	NO OBEDECER SEÑAL PROHIBICION(R-308) ZONA CARGA Y DESCARGA	91	CL CORUÑA 13	92	
1004779	5718GJR	LA VIANDA NARON SL	B70128012	12/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL SIN COLOCAR DISCO CONTROL QUE LO HABILITA	94	CL CONCEPCION ARENAL 19	90	
1004786	C1704CD	VAZQUEZ ZANZA SERGIO AMERICO	10822167T	13/04/2010	NO RESPETAR SEÑAL DE CIRCULACION PROHIBIDA	152	R. ARQUITECTO M.-ACC. DEPOSITO OXIGENO	90	
1004792	C2202BD	GOMEZ SANTIAGO ANTONIO	32654211F	13/04/2010	ESTACIONAR Z. AZUL EXCEDE TIEMPO MAXIMO PERMITIDO (INDICA LLEGADA 12:30-15:30 HASTA LAS 16:30)	94	CL CONCEPCION ARENAL 17	90	
1004801	0205FBY	BENASACH REY JOSE RAMON	28391489J	13/04/2010	ESTACIONAR ZONA AZUL INDICA HORA DISTINTA A LA DE LLEGADA(INDICA LLEGADA 10:00)	94	CL IGLESIA 86	90	
1004807	9641FFR	ESPINA VAZQUEZ MANUEL ANTONIO	32668737C	14/04/2010	CONDUCCION NEGLIGENTE(RESPONSABLE ACCIDENTE,SALIDA VIA, INMERSION EN PISCINA)	3	CR CIRCUNVALACION-EST. MALATA	150	
1004813	8403DCX	GONZALEZ MARTINEZ ANGELA	25930603N	13/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL SIN COLOCAR DISCO CONTROL QUE LO HABILITA	94	CL RUBALCAVA 10	90	
1004816	2072FNS	SEPULVEDA VIZOSO FERNANDO ENRIQUE	35422772N	13/04/2010	ESTACIONAR ZONA AZUL INDICA DISCO HORA LLEGADA DISTINTA A REAL(H.LLEGADA 17:30-18:00)	154	PZ CALLAO 7	90	
1004822	2931BGP	DOPICO VIZOSO RAUL MANUEL	32551719A	13/04/2010	ESTACIONAR Z. AZUL, COLOCA DISCO HORA DISTINTA A LLEGADA(INDICA LLEGADA 10:30-11)	94	CL MAGDALENA 82	90	
1004839	C5602BM	VIZOSO AMOR ENRIQUE JOSE	32556550G	13/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL COLOCA HORA DISTINTA LLEGADA (12:30)	94	AV ESTEIRO 29- 31	90	
1004842	0843BRB	GESTION INMOBILIARIA GALLEGA SL	B15214067	13/04/2010	ESTACIONAR ZONA AZUL EXCEDE TIEMPO MAXIMO (LLEGADA 10:00)	94	CL RUBALCAVA (FTE BARNESTO)	90	
1004844	C9427BZ	PRADOS PIÑEIRO EDUARDO	32714152X	13/04/2010	NO OBEDECER S. PROHIBICION ESTACIONAMIENTO R-308 (CARGA-DESCARGA)	91	CL LUGO FT 63- 65	92	
1004851	C2751BK	PAZOS SANCHEZ OSCAR	32657480X	12/04/2010	ESTACIONAR SOBRE ACERA CON CUATRO RUEDAS	91	CL SOL 81	150	
1004856	8219DCT	CAINZOS GOMEZ ROBERTO	32689549V	07/03/2010	ESTACIONAR CALLE PEATONAL	91	PZ ESPAÑA 24	92	
1004866	5411BSR	SANCHEZ FERREIRA JOSE SANTIAGO	32695212E	16/04/2010	CONDUCCION UTILIZANDO MANUALMENTE TELEFONO MOVIL	18	CR TRINCHERA-CR GANDARA	150	
1004877	C9566CG	MARTINEZ MARTINEZ MIGUEL ANGEL	32639325W	13/04/2010	ESTACIONAR EN UN CARRIL DE CIRCULACION	91	AV RESIDENCIA	92	
1004879	C8138BT	SEJO VILA HORTENSIA	32594086G	14/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA PROHIBIDA POR SEÑAL VERTICAL(ZONA RESERVA VEH.OFICIALES)	154	CL SAN AMARO(COMISARIA CNP)	90	
1004881	C9694CG	SEGURA LOSADA ELENA	32655079R	14/04/2010	ESTACIONAR SOBRE LA ACERA	91	CL SOL (FT. N.º 175)	92	
1004888	M5481XJ	GRUPO ONE SC	G15948060	15/04/2010	ESTACIONAR EN CARGA-DESCARGA EN HORAS UTILIZACION(HORARIO 16:30 A 18:30)	91	CL CORUÑA 23	92	
1004890	0866GMB	ROMERO MARTINEZ RAMON	32688237Q	16/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL CARECE DE DISCO CONTROL, NI DISCO QUE LO SUSTITUYA	94	CL IGLESIA(FTE. S. JULIAN ALTURA N.º 102)	90	
1004892	6024FFW	CARBALLEIRA FERNANDEZ FRANCISCO JAVIER	32656796Q	16/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL, CARECE DE DISCO CONTROL.	94	CL IGLESIA 82	90	
1004895	6441BWS	QS IMAGEN NARON SL	B15969363	19/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA PEATONAL	91	PZ ARMAS	92	
1004899	1677DPJ	DIAZ IGLESIAS ROSARIO	32584504J	16/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA DE CARGA Y DESCARGA	91	CL VALDOVIÑO 8	92	
1004903	6376BTL	FERNANDEZ MATARAN ANA	32767872W	19/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA PROHIBIDA SEÑALIZADA CON DISCO	154	CL VALDOVIÑO 4	90	
1004907	1993FDR	BOUZA VILLADONIGA MANUEL BELARMINO	32417379Y	15/04/2010	ESTACIONAR SOBRE LA ACERA	91	CL SOL 123	92	
1004910	1999BJZ	GARCIA CARBALLO MA DE LAS NIEVES	09963959Z	16/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA DE LIMITACION HORARIA, SIN DISCO CONTROL	94	CL CONCEPCION ARENAL 1- 3	90	
1004913	7348BFZ	MARTINEZ LORENZO JOSE LUIS	32670178N	16/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL SIN DISCO CONTROL HORARIO O SIMILAR	94	CL REAL PARTE BAJA PZ ARMAS	90	
1004914	1870BTM	DE PAZOS LIÑO MARIA ELENA	32635455L	16/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL SIN COLOCAR A LA VISTA DISCO DE CONTROL	94	CL IGLESIA 110	90	
1004930	5907GNX	KEUCHKERIAN BURGHI HOVIK J ANTOINE	50321946Q	10/04/2010	NO RESPETAR SEÑAL DE ESTACIONAMIENTO PROHIBIDO	154	RESERVA TEATRO JOFRE	90	
1004931	C8027BL	GAVELA PENEDO JUANA AURORA	32598224W	15/04/2010	NO RESPETAR MARCA VIAL AMARILLA	171	CL IRMANDIÑOS SN	70	

N.º EXPTE.	MATRICULA	NOME	DNI	DATA DENUNCIA	FEITO DENUNC.	ARTIGO RGC	LUGAR FEITO	IMPORTE	PUNTOS
1004932	8946DFM	MALDONADO OTERO JOSE MANUEL	32699711J	15/04/2010	ESTACIONAR EL VEHICULO SOBRE LA ACERA	91	CL DOCTOR FLEMING 85- 87	92	
1004933	0639CVP	FONTES BASANTA JOSE ANGEL	32636177M	15/04/2010	ESTACIONAR EL VEHICULO SOBRE LA ACERA	91	CL DOCTOR FLEMING 85- 87	92	
1004939	2929CGK	GECOGA SERVICIOS	B15317274	09/04/2010	ESTACIONAR ENCIMA DE UNA ACERA	91	CL CARMEN-CL GALIANO	92	
1004948	7349GSN	LA FACTORIA DEL CARMEN SL	B70049838	20/04/2010	ESTACIONAR EN CARGA Y DESCARGA	91	CL CONCEPCION ARENAL FTE. 16	92	
1004955	2007CFZ	AUTOS BEMAR SC	J70102082	21/04/2010	ESTACIONAR ZONA PEATONAL, SEÑAL VERTICAL PROHIBIDO CIRCULAR	91	PROLONGACION CL NARON(COLEGIO)	92	
1004957	C5459BX	GARCIA YAÑEZ JOSE MANUEL	32599744G	21/04/2010	ESTACIONAR ZONA PEATONAL, NO RESPETAR SEÑAL PROHIBICION	91	PROLONGACION CL NARON(IBAÑEZ)	92	
1004964	C0953CD	FELPETO CARBALLEIRA GONZALO	76400516J	15/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA PEATONAL	91	CL MAGDALENA CON CL LUGO	92	
1004965	4946FGS	VILAR BRAGE CARLOS ALBERTO	32687139E	15/04/2010	CIRCULAR POR UNA CALLE PEATONAL	121	CL MAGDALENA(ENTRE RO- CHEL Y LUGO)	90	
1004982	8683DXZ	SEÑALIZACION PARMU SL	B15651987	19/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA DE CARGA Y DESCARGA	91	CL LUGO 52	92	
1004985	C6248BL	LOPEZ DIAZ ROSA MARIA	32669935E	20/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA RESERVADA PARA CARGA Y DESCARGA	91	CR CASTILLA 200	92	
1004987	3099FFH	RIOS FACHAL PLACIDO	76358760W	20/04/2010	ESTACIONAR SOBRE LA ACERA	91	CL SOL 79	92	
1004999	1532CKM	SANCHEZ MOLINA LIDIA	28839983F	12/04/2010	ESTACIONAR SOBRE LA ACERA	91	CL SOL 77	92	
1005054	2406CZN	CHAO PARDO JESUS MANUEL	32667441N	21/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA DE CARGA Y DESCARGA	91	CR CASTILLA 200	92	
1005061	07541BT	ALVAREZ LOPEZ ISABEL	71644012R	23/04/2010	ESTACIONAR EN BORDILLO AMARILLO (ACERA REBAJADA)	171	CL VELAZQUEZ 27- 29	90	
1005067	3901FCL	CANOVAS GONZALEZ MANUEL ANGEL	32641266B	24/04/2010	CONducir TASA ALCOHOL SUP.0,25 (1P 0,54 / 2P 0,52)	20	CRT CASTILLA 8 DIRECC. A NARON	600	6
1005095	C9427BZ	PRADOS PIÑEIRO EDUARDO	32714152X	22/04/2010	NO RESPETAR SEÑAL VERTICAL PROHIBIDO ESTACIONAR	94	CL SOL 23	90	
1005115	5415DJB	LINARES GUTIERREZ IGNACIO	X3017507E	24/04/2010	ESTACIONAR SOBRE LA ACERA	91	CL SAN SALVADOR 60	92	
1005174	PO0579BC	RAMOS MOURENTE MANUEL ANGEL	32635496Z	24/04/2010	ESTACIONAR SOBRE LA ACERA	91	CL REPUBLICA ARGENTINA 66	92	
1005193	C6532BG	CONSTRUCCIONES SILVAR FERROL SL	B15358120	27/04/2010	ESTACIONAR EN CARGA Y DESCARGA EN HORAS DE UTILIZACIÓN	91	CL ESPAÑOLETO 9- 11	92	
1005200	0785GTN	ALCE OPERADOR LOGISTICO SL	B70011556	28/04/2010	ESTACIONAR EN ZONA AZUL Y NO TENER COLOCADO DISCO DE CONTROL	94	AV ESTEIRO 25- 27	90	
1005208	C7335CF	VERGARA BONOME MARIA TERESA	32639666K	27/04/2010	ESTACIONAR EN CARRIL DE CIRCULACION DESTINADO PARA CIRCULAR VEHICULOS	91	AV RESIDENCIA(ENTRADA PPAL)	92	

Conforme ao disposto no art. 72 do RDL 339/1990, na súa redacción dada pola Lei 17/2005 de 19 de xullo, o titular do vehículo ten o deber de identificar verazmente ao conductor do mesmo no prazo de 15 días desde a presente publicación, indicando o seu nome completo, dni e domicilio. Se non se identifica ao conductor, o titular será sancionado como autor de falta moi grave (301,00€ ata 1500,00€). O titular do vehículo responderá tamén como autor de falta moi grave cando non sexa posible notificala denuncia ao conductor que se identifique por causa imputable a dito titular. Só poderá interpoñer alegacións e recursos procedentes o conductor responsable da infracción.

A sanción poderá facerse efectiva cunha redución do 30% sobre a contía correspondente que se consignara no boletín de denuncia polo axente ou no seu defecto na notificación posterior de dita denuncia, sempre que dito pagamento se efectúe dentro dos 30 días naturais seguintes á presente publicación deste edicto, e advérteselle de que ese pagamento, implica a renuncia a formular alegacións e supón a terminación do procedemento sen necesidade de dictar resolución expresa, salvo que poida impoñer, ademais, a suspensión do permiso ou licenza de conducir.

“Lugar e forma de pago: 1) Mediante ingreso na conta n.º 0046-0021-72-0000077140 do Banco Galego indicando n.º de expediente, nome do infractor e matrícula; 2) Mediante xiro posta facendo constalo n.º de expediente, matrícula, nome do infractor; este xiro dirixírase ao IMFACOFE sito nas dependencias do Concello de Ferrol, sito na praza de Armas, s/n, 15402 Ferrol (A Coruña)”.

Ferrol, a 16 de xuño de 2010.

O instrutor do procedemento

Víctor Suárez Garrote

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación inicial expediente de crédito extraordinario-suplemento de crédito 01/2010

EDICTO

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data vintenove de xuño, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario-suplemento de crédito número un de 2010 por importe de 262.150,00 euros.

O referido expediente permanecerá exposto ó público na Secretaría do Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, a efectos de reclamacións ante o Pleno, a tenor do disposto no artigo 177, en relación cos artigos 169 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

No caso de que finalizado o prazo de exposición ao público, non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

O que se fai público ós efectos previstos na citada lexislación.

A Laracha, 30 de xuño de 2010

O Alcalde

José Manuel López Varela

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación inicial expediente de transferencia de crédito 04/2010

EDICTO

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data vintenove de xuño, aprobou inicialmente o expediente de transferencia de crédito número catro de 2010 por importe de 34.961,29 euros.

O referido expediente permanecerá exposto ó público na Secretaría do Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, a efectos de reclamacións ante o Pleno, a tenor do disposto no artigo 177, en relación cos artigos 169 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

No caso de que finalizado o prazo de exposición ao público, non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

O que se fai público ós efectos previstos na citada lexislación.

A Laracha, 30 de xuño de 2010

O Alcalde

José Manuel López Varela

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Aprobación definitiva expediente crédito extraordinario 1/2010

Rematado sen que se teñan presentadas alegacións o trámite de información pública do expediente de crédito extraordinario 1/2010, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de xuño de 2010 e publicado no BOP nº 112, de 16 de xuño, ó abeiro dos artigos 177.2 e 169.3 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente enténdese definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do resumo do estado de gastos e ingresos do Orzamento incorporando as modificacións aprobadas:

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
CAPÍTULO I	282.000,00
CAPÍTULO II	40.000,00
CAPÍTULO III	172.044,86
CAPÍTULO IV	1.295.920,25
CAPÍTULO V	9.614,94
CAPÍTULO VI	-
CAPÍTULO VII	1.330.240,96
CAPÍTULO VIII	420.539,39
CAPÍTULO IX	-
TOTAL	3.550.360,40

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
CAPÍTULO I	947.697,67
CAPÍTULO II	648.226,66
CAPÍTULO III	4.577,57
CAPÍTULO IV	81.695,51
CAPÍTULO V	-
CAPÍTULO VI	1.847.227,80
CAPÍTULO VII	-
CAPÍTULO VIII	2.000,00
CAPÍTULO IX	18.935,19
TOTAL	3.550.360,40

O que se publica ós efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva do poderase interpoñer, de conformidade co preceptuado no art. 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ó da publicación do presente acordo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo da Xurisdición Contencioso Administrativa, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime oportuno en defensa dos seus intereses.

Mesía, 5 de xullo de 2010

O alcalde,

Asdo./ Mariano Iglesias Castro

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Procedemento Sancionador

EDICTO DE NOTIFICACIÓN

Inicio procedemento sancionador por infraccións de tráfico.

En cumprimento do artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e sendo devoltas polo servizo de correos as notificacións de inicio de expediente sancionador por infraccións de tráfico, comunícolle que a Alcaldía do Concello dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

1.- Iniciar procedemento sancionador por presunta infracción en materia de de tráfico contra:

Dn/a. VARELA SÁNCHEZ JAVIER (expt. 054/10), conductor do vehículo RENAULT SCENIC matrícula 5729-FSG, por infracción o artigo 94.2 do Regulamento Xeral de Circulación por ESTACIONAR EN ZONA DE CARGA E DESCARGA, sancionable con multa de 90,00 €.

2.- Concederlle un prazo de quince días para que alegue o que considere oportuno na súa defensa e propoña as probas que estime oportunas.

3.- Comunicarlle que o importe da sanción, reducirase nun 50% si realiza o pago dentro dos quince días seguintes á notificación da denuncia, con excepción das infraccións á Lei 30/1995, do 8 de novembro do Seguro Obligatorio de Automóviles.

Muros, 16 de xuño de 2010

O SECRETARIO ACCIDENTAL

Asco./ Ramón Formoso Fernández

2010/9473

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Ordenanza axuda no fogar

CONCELLO DE MUROS

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Muros

Ao abeiro do disposto no parágrafo no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Muros, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

“ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda ós poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida económica, cultural e social; concretamente, o artigo 27.23 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2.k) como competencia municipal a prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que os principios dos servizos sociais rexeranse, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. Así mesmo, no artigo 11.1.f) establece como funcións dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia; o capítulo II do catálogo de servizos sociais recolle, no seu artigo 20, ós servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, concretamente no punto d) define o servizo de axuda no fogar como aquel consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións a persoas e familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

A Lei 39/2006, de 1 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece a creación dun sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia que garanta un contido mínimo común de dereitos no relativo á promoción da autonomía persoal e á atención ás persoas en situación de dependencia, así como a participación das Entidades Locais. Concretamente no seu artigo 15, establece o Catálogo de Servizos, recollendo entre eles o Servizo de Axuda a Domicilio (15.1.c). A normativa estatal e autonómica que desenvolve a citada lei, implica a necesidade de adaptación do regulamento do servizo de axuda no fogar, principalmente segundo o establecido no Decreto 727/2007 sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e contías de prestacións económicas, o Decreto 176/2007 polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 17 de Decembro de 2007 pola que se establecen os criterios básicos para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e contía das prestacións económicas.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar configúrase como a normativa de referencia autonómica para o servizo de axuda no fogar, establecendo as normas xerais de prestación do Servizo na Comunidade Autónoma de Galicia e, principalmente na súa Disposición Transitoria Primeira, a obrigatoriedade de adaptación das ordenanzas municipais ó disposto na mesma.

1.- OBXECTO E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A presente ordenanza ten por obxecto o regulamento do Servizo de Axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Muros, que poderá prestarse directamente polo concello local ou ben de forma indirecta, de conformidade coas modalidades previstas na lexislación de contratación administrativa.

O ámbito de actuación deste servizo comprende aos veciños do Concello de Muros, que residan real e efectivamente no termo municipal.

2.- DEFINICIÓN E OBXECTIVOS

1.- O Servizo de Axuda no Fogar enténdese como a prestación dun conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

2.- Son obxectivos do Servizo de Axuda no Fogar.

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no seu propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.
- h) Facilitar que a persoa usuaria (e a súa familia) adquira, manteña ou recobre os recursos, habilidades ou hábitos que lles permitan manter unha vida máis autónoma e satisfactoria posible na súa casa, compensándolle os posibles déficits ou discapacidades.
- i) Implicar ás persoas usuarias na resolución da súa problemática persoal ou familiar, potenciando a utilización positiva dos recursos e fomentando cambios favorables na dinámica familiar.

3.- CONTIDO DO SERVIZO

1.- De conformidade coa valoración do/a traballador/a social coordinador/a do servizo, poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - Asistencia para levantarse e deitarse.
 - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse e espirse.
 - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio- temporal.
 - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
 - Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos, sempre cos medios propios e/ou recursos do usuario.
 - Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.
 - c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - Preparación dos alimentos.
 - Lavado e coidado das prendas de vestir.
 - Coidados básicos da vivenda.
- Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.
- d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico – profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio para a persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

3.- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos no artigo 10º deste regulamento.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo, tales como curas persoais, inxeccións, sondaxes, podoloxía e todas aquelas referentes á saúde.
- Limpezas integrais do fogar ou de estancias non utilizadas habitualmente pola persoa usuaria.
- Tarefas derivadas da convivencia con animais, que en todo caso deberán estar desparasitados e vacinados.
- Labores de xardín e horta.

4.- BENEFICIARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración do traballador/a social coordinador/a do servizo, supoña un recurso idóneo de atención.

2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3.- De xeito particular, o servizo atenderá:

- a) Persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.
- b) Fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativa.
- c) Situacións de familias en risco de exclusión social como desposta preventiva e socializadora.
- d) Persoas con dificultades temporais por convalecencias ou outras causas.

5.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Os requisitos que deben reunir as persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar polo sistema de libre concorrencia son os seguintes:

- a) Estar empadroada e ter residencia efectiva no Concello de Muros.
- b) Non ter dereito ó Servizo a través doutro organismo público ou privado.
- c) Non ter recoñecida unha situación de dependencia que, polo seu grao e nivel, lles permita acceder ó catálogo de recursos establecidos na Lei 39/2006.
- d) O Servizo de Axuda no Fogar Municipal pode ser compatible coa axuda para o mesmo concepto de institucións ou entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, sempre que se recolla no Proxecto de Intervención (anexo III).
- e) Que a vivenda onde se preste o servizo reúna unhas condicións mínimas de habitabilidade (cuarto de baño, auga corrente, electricidade, etc) para que se poidan facer efectivas as tarefas sen risco para o persoal e a persoa usuaria. En ausencia destas condicións deberán exercerse outro tipo de medidas previas a prestación do servizo.
- f) Reunir a puntuación precisa segundo as condicións persoais, sociais, económicas, etc., establecidas nos baremos. Para poder ter acceso ó Servizo é necesario obter un mínimo de 30 puntos.
- g) Respetar e cumprir os deberes establecidos no artigo 7 da presente Ordenanza.

6.- DEREITOS DOS BENEFICIARIOS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- a) A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

- b) A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- c) A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- d) A coñeceren a situación do seu expediente.
- e) Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal ou a normativa vixente ao respecto.
- f) A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- g) A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

7.- DEBERES DOS BENEFICIARIOS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen na Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda no fogar, referido ó artigo 7 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

- a) Cumprir cas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ó persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios (tales como produtos de limpeza, aseo e hixiene persoal, etc).
- b) Colaborar , na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- c) A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- d) Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais (non facelas partícipes da súa vida persoal, no ofrecerlles obsequios nin regalos, non manter contactos fóra do horario laboral...)
- e) Informar á persoa coordinadora do servizo dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- f) Participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar Municipal.
- g) A comunicar á persoa coordinadora do servizo, en circunstancias ordinarias e previsibles, con quince días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.
- h) Compromiso da persoa usuaria cumprir as condicións establecidas no correspondente Acordo do Servizo mediante a sinatura do mesmo (anexo IV).
- i) Permanecer no domicilio no horario de prestación do servizo. En ningún caso, as/os profesionais que interveñen no servizo custodiarán as chaves do domicilio.
- k) Facilitar ás/ós Auxiliares de Axuda no Fogar ós materiais necesarios para a prestación do servizo segundo as tarefas establecidas.

8.- PERSOAL E FUNCIÓNS

O persoal que pode intervir no Servizo de Axuda no Fogar estará composto por profesionais e voluntarios e as súas funcións e tarefas serán as seguintes:

- a) Traballador/a social, como profesional responsable do Programa que recibirá a demanda, fará o estudo e a valoración da situación presentada, deseñará o proxecto de intervención axeitado a ela e será responsable do seu seguimento e valoración. As súas funcións e tarefas concretas serán:
 - Estudo e valoración das necesidades e recursos da comunidade.
 - Programación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos municipais.
 - Difusión e información sobre o servizo.
 - Estudo das demandas de información e atención das persoas solicitantes, valoración da situación, deseño da proposta de intervención, cos obxectivos e as estratexias que cómpre seguir, mobilizando e asignando os recursos necesarios.
 - Estímulo das responsabilidades da familia como cuidador primario e fomento da autoestima das persoas usuarias.
 - Asignación e supervisión de tarefas.

- Formulación de propostas de concesión, denegación, suspensión ou extinción do servizo se fose necesario.
- Apoio e promoción da formación– reciclaxe do persoal relacionado co servizo.
- Avaliación e seguimento dos casos atendidos, a adaptación do servizo ás necesidades presentadas.
- Coordinación do servizo con profesionais, institucións, asociacións e voluntariado.

b) Auxiliar de Axuda no Fogar, como profesional que realizará as tarefas en contacto directo coas persoas usuarias, as familias e o contorno. Aterase ós Principios Éticos da Profesión de Axuda a Domicilio recollidos no compromiso establecido ó respecto (anexo I) e realizará as actividades establecidas no Plan de Traballo (anexo II). As súas funcións e tarefas concretas serán:

- Asistencias, de atención persoal e doméstica.
- De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento d fogar.
- Psicosociais e educativas, potenciando o protagonismo da persoa beneficiaria, non substituíndoas naquelas tarefas que poida realizar por si mesma e facilitando as canles de comunicación co seu entorno.
- De colaboración co técnico responsable na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas serán aquelas necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo técnico coordinador.

c) Outros profesionais coordinados cos traballadores/as sociais, tales como outros traballadores sociais, educadores sociais, técnicos superiores en integración social ou outros profesionais que colaboren co Servizo de Axuda no Fogar.

d) Voluntarios: son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado. Dado o seu carácter de relación interpersonal de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñar serán as de compañía, fomento de relacións e comunicación e ocupación do tempo libre, tanto dentro con fóra do fogar, e outras que contribúan ó fomento da autoestima. A tal fin deberán contar coa formación conveniente de acordo coa lexislación vixente sobre voluntariado.

9.- FACULTADES E DEBERES DO CONCELLO.

1.- O Concello de Muros como entidade pública prestadora do Servizo de Axuda terá as seguintes facultades:

a) Cando por necesidade de organización do servizo se valore necesario realizar puntualmente un cambio no horario establecido no Acordo do Servizo (anexo IV), o técnico responsable poderá xestionalo informando de dito cambio á persoa usuaria, permanecendo igualmente vixente dito Acordo.

b) Cando por necesidades de organización do servizo se valore necesario realizar puntualmente un cambio da persoa auxiliar asignada, o técnico responsable poderá xestionalo informando de dito cambio á persoa usuaria.

c) Cando suceda que a auxiliar de axuda no fogar asignada non poida asistir de xeito temporal ó traballo, a entidade procederá a cubrir a atención con outra persoa auxiliar no fogar, informando de dita substitución á persoa usuaria.

d) Ó mesmo tempo, cando a persoa usuaria decida non cubrir a atención nos casos de que a ausencia de auxiliar asignada supere tres días consecutivos da prestación do servizo, a entidade procederá a cobrar igualmente conforme ó horario establecido no Acordo do Servizo (anexo IV).

e) Cando a persoa usuaria non comunique coa suficiente antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo, a entidade procederá a cobrar igualmente conforme ó horario establecido no Acordo do Servizo (anexo IV).

f) O técnico responsable poderá valorar a idoneidade de reforzar con persoal de apoio (unha segunda persoa auxiliar no fogar, voluntariado, etc.) á auxiliar asignada por motivos xustificadas.

g) Se a persoa usuaria rexeita ó auxiliar que se lle asigne, sen razón suficientemente xustificada, a entidade poderá valorar a posibilidade de extinción do Servizo de Axuda no Fogar.

2.- O Concello de Muros deberá:

a) Expoñer publicamente o regulamento de funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar e facilitar ós interesados ó acceso ó mesmo.

b) Tratar as persoas sen discriminación co respecto debido á súa dignidade.

c) Ao tratamento confidencial dos datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal ou a normativa vixente ó respecto.

d) Recoller e valorar as queixas e suxestións presentadas ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

e) Prestar unha atención adaptada ás necesidades da persoa usuaria.

f) Ó cumprimento das condicións e requisitos establecidos no Decreto 143/2007 polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

g) A persoa coordinadora do Servizo terá a cualificación de Asistente Social ou Diplomatura Universitaria en Traballo Social e equivalentes. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Nº de persoas usuarias	Traballador/a Social (xornada completa)
50 a 99	1
100 a 199	2
200 a 399	3
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 Traballador/a Social a xornada completa

h) O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por Auxiliares de Axuda no Fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título da formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

i) Dotar do material necesario para a prestación do servizo a cada auxiliar de axuda no fogar.

j) O Departamento de Servizos Sociais e, de ser o caso, a entidade que preste indirectamente o servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe social, asinado polo traballador social coordinador do Servizo.
- Un proxecto de intervención, asinado polo traballador social coordinador do servizo (anexo III).
- Un acordo de servizo asinado entre o traballador social coordinador do Servizo e a persoa usuaria, (anexo IV). Este Acordo irá acompañado do impreso de domiciliación de recibos, se procede (anexo V) e do Compromiso Informado (anexo VI).

k) Garantir unha supervisión do servizo efectivamente prestado, segundo se reflicte no artigo 11.

10.- PROCEDIMENTO

1.- Procedemento para causar alta no servizo.

A) As persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, causarán alta no servizo mediante presentación da Resolución de aprobación do programa individualizado de atención no que se recoñeza o dereito ao Servizo de Axuda no Fogar municipal e a intensidade correspondente. A persoa coordinadora do servizo poderá solicitar canta información e/ou documentación considere precisa para valorar a situación, elaborar o Proxecto de Intervención e realizar o seguimento do caso.

B) O procedemento de acceso por libre concorrència ao Servizo de Axuda no Fogar será o seguinte:

1º. Recepción da demanda e información sobre o servizo polo traballador social coordinador do programa nos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

2º. Presentación do impreso de solicitude no Rexistro do Concello coa documentación esixida (anexos VII e VIII), de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común. O prazo de solicitude estará aberto todo o ano. Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

3º. O traballador social procederá a comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, podendo solicitar canta información e/ou documentación considere precisa para valorar a situación, facendo unha visita a

domicilio do solicitante e emitindo un informe social, preceptivo e vinculante, que reflectirá a idoneidade ou non do servizo, a puntuación acadada no baremo de puntuación (anexo X), así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

4º. Proposta de resolución do Concelleiro responsable no que reflecta a concesión, inclusión na lista de agarda ou denegación, segundo a posibilidade de acceder ás prazas do Servizo de Axuda no Fogar Municipal.

5º. O técnico do servizo económico municipal correspondente, comprobará a documentación relativa á capacidade económica e emitirá un informe especificando a achega económica que corresponda das solicitudes con proposta de concesión, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

6º. Resolución do órgano competente especificando o establecido no punto 4. No caso de resolución de concesión, deberá especificar a achega económica correspondente.

7º. Notificación da resolución adoptada.

8º. Inicio do Servizo de Axuda no Fogar segundo o establecido no Protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a persoa auxiliar no fogar e a persoa usuaria do servizo no artigo 13.

2. Procedemento para causar baixa no servizo:

A) Son causas de extinción do Servizo de Axuda no Fogar, as seguintes:

1º. A renuncia da persoa usuaria.

2º. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

3º. Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.

4º. Falecemento do beneficiario.

5º. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

6º. A falta reiterada de pagamento do servizo, entendéndose por tal a falta de pagamento durante tres meses consecutivos.

7º. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

B) O procedemento de extinción do servizo de axuda no fogar será o seguinte:

1º. Emisión dun informe do coordinador do servizo, no que se reflecta a causa da extinción.

2º. Proposta de resolución de extinción do Concelleiro responsable, especificando o artigo do regulamento ao que se recolle.

3º. Resolución do órgano competente e notificación ao beneficiario. No caso de persoas beneficiarias polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, notificarase tamén á Unidade de Coordinación da Dependencia.

3. Procedemento para causar modificación do servizo.

A) Con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe e a modificación concretarase coa sinatura dun novo Acordo de Servizo.

B) Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade particular do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

4.- Procedemento para causar suspensión do servizo.

A) Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe de seguimento da persoa coordinadora do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1º. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2º. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo, por un período máximo de tres meses, en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión.

As prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do Sistema de Autonomía e a Atención á Dependencia, estarase ao disposto na correspondente normativa. En todo caso, comunicarase ao correspondente ao Sistema Galego de Atención á Dependencia.

B) Procederáse segundo o seguinte:

1º. Comunicar e xustificar á persoa coordinadora do servizo o motivo de suspensión, de ser posible cunha antelación de 15 días e concretando a duración prevista da ausencia.

2º. O técnico coordinador reflectirá no correspondente expediente a data de comunicación, motivo e duración prevista da suspensión.

3º. No caso de superar o período máximo de tres meses, para as persoas que accederon ao servizo mediante o procedemento de libre concorrencia, procederáse á retirada do servizo. Se a persoa beneficiaria, demanda o reinicio do servizo, deberá solicitar segundo o procedemento para causar alta no servizo.

11.- SUPERVISIÓN E AVALIACIÓN.

A persoa responsable do Programa garantirá a supervisión do servizo efectivamente prestado, realizando o seguimento de cada caso, establecendo canles de coordinación e reunións periódicas cas profesionais que interveñen no servizo, así como facendo unha nova valoración das situacións sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses.

Así mesmo, o traballador social responsable valorará a realización das correspondentes visitas ó domicilio das persoas usuarias. En todo caso, realizarase a visita domiciliaria correspondente á revisión anual.

Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresando no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Así mesmo, a supervisión levará consigo a avaliación continua do servizo, valorando a adaptación do mesmo ás necesidades presentadas, grao de satisfacción das persoas usuarias (anexo XI) e de cumprimento do proxecto de intervención.

12.- REVISIÓN

As persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar presentarán a documentación correspondente para a revisión anual no primeiro trimestre do ano.

O traballadora social procederá a valorar as situacións realizando a correspondente visita domiciliaria e, se fose necesario, adecuará o servizo ás necesidades presentes en cada caso.

Así mesmo, o servizo económico municipal valorará a documentación relativa á capacidade económica e emitirá, se procedera, un informe especificando a nova achega económica correspondente, segundo o establecido no Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

13.- PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

1.- Protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a persoa auxiliar no fogar e a persoa usuaria so servizo.

1º. O tempo máximo de duración dende a resolución de concesión e o inicio da prestación do servizo non poderá ser superior a 10 días hábiles.

2º. Elaboración do Proxecto de Intervención asinado polo técnico coordinador do servizo (anexo III).

3º. Formalización por escrito das prestacións do servizo, tarefas que se realizarán, horario e días de asistencia mediante a sinatura do Acordo do Servizo (anexo IV)

4º. Elaboración e sinatura do correspondente Plan de Traballo da persoa Auxiliar no Fogar (anexo II).

5º. Visita domiciliaria do traballador social para a presentación da persoa Auxiliar no Fogar.

6º. Inicio do Servizo de Axuda no Fogar nos termos establecidos.

2.- Protocolo de actuación no caso de urxencias e incidencias das persoas usuarias.

Ante a comunicación por calquera medio dunha situación de urxencia e/ou incidencia, a persoa coordinadora do servizo procederá da seguinte maneira:

1º. Estudio da situación por parte do traballador social coordinador do servizo mediante a consulta do expediente individual, e de ser o caso contacto con familiares, outros profesionais ou servizos, visita ó domicilio, etc.

2º. Valoración da situación e, se procede, mobilización de algún servizo de urxencia, modificación do servizo conforme ao procedemento correspondente ou calquera outra medida que se valore oportuna para previr ou reparar a situación de urxencia e/ou incidencia.

3º. Coordinación coa persoa auxiliar no fogar no relativo á situación de urxencia e/ou incidencia e ás medidas ao respecto.

4º. Rexistro no correspondente expediente individual.

3.- Protocolos de substitucións da persoa Auxiliar no Fogar.

a) Cando o Servizo de Axuda no Fogar sexa prestado directamente por persoal do concello, o procedemento será o seguinte:

1º. Comunicación á persoa usuaria da substitución da persoa auxiliar no fogar.

2º. No caso de substitución que se prevea sexa á longo prazo da auxiliar no fogar asignada, elaboración e sinatura do correspondente Plan de Traballo da persoa Auxiliar no Fogar (anexo II).

3º. No caso de substitución puntual da auxiliar no fogar asignada, facilitaráselle unha copia do Plan de Traballo da persoa auxiliar no fogar recollido no expediente individual.

4º. Visita domiciliaria do traballador social para a presentación da persoa Auxiliar no Fogar.

b) Cando o Servizo de Axuda no Fogar sexa prestado indirectamente por unha entidade autorizada, procederase segundo os protocolos internos da mesma.

4.- Protocolo de actuación no caso de queixa no Libro de Reclamacións.

1º. Facilitar unha copia da folia de reclamacións á persoa usuaria.

2º. Remitir orixinal ao servizo de inspección correspondente.

3º. Recoller e valorar as queixas presentadas.

14.- OFICINA DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E HORARIOS.

1.- A sede oficial estará ubicada nas dependencias municipais. Concretamente, a oficina de base do programa ubicarase no Departamento de Servizos Sociais Comunitarios Básicos, onde se xestionará o Servizo de Axuda no Fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

2.- O horario de atención ó público para o Programa de Axuda no Fogar estará exposto nas dependencias do Departamento de Servizos Sociais Municipais.

3.- Límites horarios para a prestación do servizo:

a) Para as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, a intensidade estará predeterminada na Resolución de Aprobación do Programa Individualizado de Atención onde se recoñece o dereito ó Servizo de Axuda no Fogar municipal. O horario será flexible de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención, podendo ser tódolos días da semana, e virá establecido no Proxecto de Intervención e no Acordo do Servizo, podendo modificarse en función da variación das necesidades das persoas usuarias.

b) Para as persoas que resultasen beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar polo sistema de libre concorrència os límites serán os seguintes:

1º. Por norma xeral, o servizo prestarase entre as 08:00 e as 15:00 horas de luns a venres, agás festivos. No caso de novas contratacións, valorarase a posibilidade de establecer outros horarios.

2º. A intensidade do servizo establécese por domicilio segundo a seguinte táboa:

	Mínimo	Máximo
Diaría	1 hora	2 horas
Semanais	3 horas	10 horas

3º. O horario virá establecido no Proxecto de Intervención e no Acordo do Servizo e poderá modificarse conforme os procedementos establecidos no presente regulamento.

15.- NORMATIVA SUBSIDIARIA

No non expresamente previsto na presente ordenanza, estarase ó disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG do 18 de decembro de 2008) e na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE do 15 de decembro de 2006), na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar (DOG do 2 de febreiro de 2009) e na normativa que as desenvolve.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo máximo de dous meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, deberán adaptarse os expedientes das persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar polo anterior regulamento, debendo entregar a documentación necesaria para facer unha nova valoración da situación conforme ó exposto na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, aprobada inicialmente polo Pleno na sesión do 24 de abril de 2008 (BOP da Coruña nº 150, do 1 de Xullo do 2008 e no nº 152, do 3 de xullo de 2008).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, que consta de 16 artigos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS****COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS ÉTICOS DA PROFESIÓN DE AXUDA A DOMICILIO**

D./Dona.

como Auxiliar no Fogar do Concello de Muros, comprométome a cumprir os seguintes presupostos:

A.- Na relación co usuario:

1. Gardar Segredo Profesional sobre todo aquilo que coñeza no exercicio do traballo, agás no referente ao seguimento do Servizo pola/o técnica/o coordinador/a.
2. O trato será sempre de respecto, sen permitir que a confianza ou diferenzas cas persoas usuarias e/ou ca súa familia poida interferir na calidade do servizo.
3. Fomentar a independencia e autonomía das persoas usuarias, implicándoas, na medida do posible, na realización das tarefas e respectando sempre a súa autodeterminación.
4. Establecer unha relación profesional coas persoas usuarias, polo que non debe: facelas partícipes da súa vida persoal, percibir obsequios ou regalos, permancer no domicilio sen a súa presenza ou custodiar as chaves do domicilio, facer visitas ao domicilio fóra do horario do servizo, facilitar o número de teléfono persoal...
5. Manter unha actitude de discreción e imparcialidade, evitando comentarios sobre as demais persoas usuarias nin doutras situacións coñecidas polo seu traballo.
6. Non debe facer traballos a outros membros da familia distintos dos beneficiarios, aínda que convivan na mesma vivenda. De existir outras persoas que presenten necesidade de atención, deberán iniciar o procedemento de alta no servizo.
7. Non realizar actividades correspondentes aos servizos sanitarios, agás os coñecementos de primeiros auxilios, ata recibir asistencia médica.
8. Utilizar o material necesario para a realización das tarefas.
9. Respetar integramente o Plan de Traballo establecido para cada persoa usuaria.

B.- Na relación co Departamento de Servizos Sociais, as súas obrigas serán:

1. Realizar cursos de formación e reciclaxe profesional.
2. Seguir o Plan de Traballo deseñado para cada persoa usuaria e/ou familia, cumprindo as directrices do técnico coordinador do servizo.
3. Colaborar coa persoa responsable do Programa no seguimento do servizo, informando periodicamente da evolución de cada caso e de todas as incidencias ou cambios que se produzan, así como participar na confección e modificación de Plans de Traballo alternativos ou xa existentes.
4. Comunicar as incidencias sobrevidas ás persoas usuarias.

Muros, _____ de _____ de 20____.

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

Asdo: _____

ANEXO II

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

PLAN DE TRABALLO DA PERSOA AUXILIAR NO FOGAR

D./Dna. _____ Auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Muros, comprométome a realizar o seguinte Plan de Traballo respectando os Principios Éticos da Profesión de Axuda a Domicilio.

Plan de Traballo para

D./Dna. _____

Atencións de carácter persoal:

Atención doméstica:

Atencións de apoio psicosocial e socioeducativo:

Atencións complementarias:

Muros, _____ de _____ de 20____.

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

O TÉCNICO/A RESPONSABLE

Asdo: _____

Asdo: _____

ANEXO III

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE

Nº Expediente: Nº Expediente SIUSS:	Intervención nº:	Data de solicitude:		Data de inicio:
Nome e apelidos:	Data de nacemento:	DNI núm.:	Sexo:	Estado Civil:
Sector de referencia:	Ámbito de Atención:		Nº total de usuarios:	
Nº Proxecto:	Data do proxecto:	Data fin de proxecto:		

Antecedentes relevantes:

2. ATENCIÓN QUE SE PRESTARÁ

Nº horas semanais/ mensuais	Días da semana	Horario

Tipo de Servizo:

Perfil das/os profesionais

3. EXISTENCIA DOUTROS SERVIZOS/APOIOS PRESTADOS NO DOMICILIO.SÍ Non

Tipo de servizos/ apoios	Nº horas semanais

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E TAREFAS QUE SE PROPOÑEN:

Obxectivos:

Tarefas:

Periodicidade do Seguimento:

Diario

Semanal

Quinquenal

Mensual

Bimensual

O TÉCNICO RESPONSABLE

Asdo: _____

ANEXO IV**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR****ACORDO DE SERVIZO**

Reunidos en Muros, o día de..... de 20....., dunha parte

Don/Dona.....

con DNI..... e doutra.....

en calidade de técnica/o responsable do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Muros,

ACORDAN:

1. Que o Concello de Muros prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) á persoa arriba citada dende o día de de 20.....
2. Que a prestación do SAF realizarase por un prazo decon posibilidade de prórroga segundo a valoración da/o técnica/o responsable do SAF.
3. Que o SAF se levará a cabo de acordo coa seguinte táboa:

Nº de horas semanais/mensuais	Días da semana	Horario

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o SAF, á Ordenanza fiscal municipal que regula o prezo público do SAF e á aplicación do baremo correspondente, a persoa usuaria comprométese á achegar _____ € por hora como contribución ó custe do servizo.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento por prezo público do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal e doméstico: tarefas realizadas pola persoa auxiliar no fogar, recollidas no punto 7.

- Atencións de apoio psicosocial:

- Atencións de carácter socioeducativo:

- Atencións de carácter técnico e complementario:

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal serán as seguintes:

Atención de carácter persoal:

Atención de carácter doméstico:

Atencións de apoio psicosocial e socioeducativo:

Atencións complementarios:

8. Que así mesmo, a persoa usuaria e a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre SAF, onde están recollidos os dereitos e as obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción, entre outras.

Ambas partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínao en

Muros, ____ de _____ de 20 ____.

A PERSOA USUARIA

TÉCNICO RESPONSABLE

OU FAMILIAR DE REFERENCIA

Asdo: _____

Asdo: _____

ANEXO V

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO MUROS

DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

SOLICITANTE					
DNI/CIF/NIE		Nome e apelidos / Razón Social			
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono	
Correo electrónico					

REPRESENTANTE					
DNI/CIF/NIE		Nome e apelidos / Razón Social			
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono	
Correo electrónico					

OBXECTO TRIBUTARIO E CONTA DE DOMICILIACIÓN					
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR					
Titular do recibo:					
DNI/CIF/NIE		Nome a apelidos / Razón social			
Enderezo tributario:		Número	Escaleira	Andar	Porta
Código conta de domiciliación	Entidade	Oficina		DC	Número de conta

Muros, _____ de _____ de 20_____.

Asdo. _____

SR./SRA. CONCELLEIRO/A DELEGADO/A DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MUROS.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Muros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo ó Concello de Muros.

ANEXO VI

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

COMPROMISO INFORMADO

DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a situación do seu expediente.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ó tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal ou a normativa vixente ó respecto.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios (tales como produtos de limpeza, aseo e hixiene persoal...).
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais (non facelas partícipes da súa vida persoal, non ofrecerlles obsequios nin regalos, non manter contactos fóra do horario laboral...)
5. Informar á persoa coordinadora do servizo dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar Municipal.
7. A comunicar á persoa coordinadora do servizo, en circunstancias ordinarias e previsibles, con quince días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.
8. Compromiso da persoa usuaria a cumprir as condicións establecidas no correspondente Acordo do Servizo mediante a sinatura do mesmo (Anexo IV).
9. Permanecer no domicilio no horario de prestación do servizo. En ningún caso, as/os profesionais que interveñen no servizo custodiarán as chaves do domicilio.
10. Facilitar ás/ós Auxiliares de Axuda no Fogar ós materiais necesarios para a prestación do servizo segundo as tarefas establecidas.

CAUSAS DE EXTINCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

1. A renuncia da persoa usuaria.
2. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
3. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
4. Falecemento da persoa usuaria.
5. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
6. A falta reiterada de pagamento do servizo, por norma xeral, establécese un máximo de tres meses.
7. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

CAUSA DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo, por un período máximo de tres meses, en tanto persista o cambiode circunstancias causante da suspensión.

Recibín duplicado, Muros a ____ de _____ de _____

Asdo. Don/dona _____

ANEXO VII

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

Datos da persoa interesada

NOME	APELIDOS	
DNI	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL
ENDEREZO		TELÉFONO

Datos da persoa representante

NOME	APELIDOS	
DNI	RELACIÓN COA PERSOA INTERESADA	
ENDEREZO	TELÉFONO	

DOCUMENTACION A APORTAR DA PERSOA INTERESADA

- Documento Nacional de Identidade / Número de Identificación de Estranxeiros.
- Tarxeta sanitaria.
- Libro de familia.
- Informe médico segundo anexo VIII
- Declaración da Renda; en caso de non estar obrigados a realizala, Certificado de Imputacións da Axencia Tributaria ou autorización para obtelo (Anexo IX)
- Xustificantes de ingresos (nóminas, certificados das pensións ou prestacións actuais, certificado de intereses bancarios...)
- Xustificantes do patrimonio (última declaración de patrimonio, xustificantes de impostos de Bens Inmóbles...)
- Outros: _____

Quen abaixo asina:

- Declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son verdadeiros, non existindo o omisión de datos.
- Autoriza ó persoal responsable do Concello de Muros da valoración desta solicitude a acceder ós datos existentes nos Padróns Municipais.

Sinatura da persoa interesada ou representante.

Muros a _____ de _____ de 20_____.

Os datos de carácter persoal que se coñezan con motivo desta solicitude serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados ó ficheiro de persoas usuarias do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Muros, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo ó Concello de Muros.

ANEXO VIII

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE MUROS

INFORME MÉDICO

PERSOA INTERESADA:

Nome e apelidos: _____

DNI _____

Nº Afiliación: _____

MÉDICO RESPONSABLE:

Nome e apelidos: _____

Nº Colexiado: _____

Centro de traballo: _____

VALORACIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

ACTIVIDADES	INDEPENDENTE	ALGUNHA DIFICULTADE	MOTAS DIFICULTADES	DEPENDENTE
Vestirse e espirse				
Aseo e hixiene persoal				
Continencia urinaria e fecal				
Mantemento de saúde: control medicación...				
Axuda para transferencias cama- cadeira/sofá				
Axuda para a deambulación dentro do fogar				
Preparación de alimentos				
Limpeza e mantemento básico do fogar				
Roupa: lavalas, tendela, pasar o ferro				
Manexo de aparellos básicos do fogar: butano, luz...				
Administración de bens e cartos				
Xestións externas: ir ó médico, banco, compras				

DIAGNÓSTICO: _____

MEDICACIÓN: _____

OBSERVACIÓNS: _____

Data e sinatura

ANEXO IX

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

AUTORIZACIÓN

ACCESO ÓS DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS Ó NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ó persoal do Concello de Muros responsable da valoración da solicitude do Servizo de Axuda no Fogar a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control do Programa de Axuda no Fogar, cando a persoa que figura no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A presente autorización outorgase ós efectos do recoñecemento, seguimento e control do Programa de Axuda no Fogar e en aplicación do artigo 95.1 k) da “Lei 58/2003, Xeral Tributaria” que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSEE A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCICIO 20_____.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

Apelidos e nome:	
DNI:	Sinatura:

B.- DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE, DOS QUE OS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

(Unicamente maiores de 18 anos)

Parentesco co solicitante	Nome e apelidos	DNI	Sinatura

Muros, _____ de _____ de 20_____.

NOTA: A Autorización concedida por cada asinante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Muros.

ANEXO X

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

BAREMO DE PUNTUACIÓN

A finalidade do baremo é establecer unha orde de prioridade para a asignación do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrència, de acordo cos seguintes criterios:

- 1) Autonomía persoal (36 puntos)
 - 2) Situación socio familiar/ socialización menores (20 puntos).
 - 3) Situación socioeconómica (10 puntos)
 - 4) Valoración e adecuación do recurso (20 puntos)
- 1) Autonomía persoal para a realización das actividades básicas da vida diaria.

Puntuación máxima 36 puntos.

ACTIVIDADES	PUNTUACIÓN*			
Vestirse e espírase	0	1	2	3
Aseo e hixiene persoal	0	1	2	3
Continencia urinaria e fecal	0	1	2	3
Mantemento da saúde: control medicación...	0	1	2	3
Axuda para transferencias cama - cadeira/sofá	0	1	2	3
Axuda para a deambulacón dentro do fogar	0	1	2	3
Preparación de alimentos	0	1	2	3
Limpeza e mantemento básico do fogar	0	1	2	3
Roupa: lavala, tendela, pasar o ferro	0	1	2	3
Manexo de aparellos básicos do fogar: butno, luz...	0	1	2	3
Administración de bens e cartos	0	1	2	3
Xestións externas: ir ó médico, banco, compras	0	1	2	3

* 0 puntos: normalmente (é independente)

* 1 punto: con algunha dificultade

* 2 puntos: con moitas diicultades

* 3 puntos: non pode (dependente)

2) Situación socio familiar e apoio social, establecendo o grao en que a familia ou as persoas do seu entorno prestan coidados a atencións. Puntuación máxima 20 puntos.

a) A persoa vive soa:

Ningunha posibilidade de axuda	20 puntos
Ten veciñas ou veciños que o atenden en situacións de emerxencia	18 puntos
Os familiares non poden prestar a axuda (por enfermidade, traballar toda a xornada, cargas familiares, estar afastados...)	15 puntos
Non recibe ningún tipo de axuda por falla de relación ou interese dos familiares directos, debendo exercerse algunha medida de tipo legal para o cumprimento desta axuda.	10 puntos
Ten familiares ou veciños que lle prestan axuda, pero a atención é insuficiente	10 puntos
Ten familiares con obriga de prestar alimentos que prestan unha axuda de, alomenos, 2 horas diarias	5 puntos
A persoa decide vivir soa cando pode vivir con familiares	2 puntos
A persoa non acepta outro recurso máis axeitado a súa situación	0 puntos

b) A persoa convive con familiares ou outras persoas:

Convivencia con menores de 16 anos ou outra persoa dependente	20 puntos
Os cuidadores teñen recoñecida facultativamente déficits na saúde que lle dificulten a prestación da axuda	15 puntos
Os familiares carecen de habilidades para atendelo	15 puntos
Os cuidadores traballan toda a xornada	10 puntos
Os cuidadores traballan media xornada	5 puntos
Os familiares están sobrecargados e carecen de tempo de lecer (para a valoración da sobrecarga da persoa cuidadora, poderanse utilizar escalas tales como o Test de Zarit...)	2 puntos
Os familiares que o atenden están desocupados e sen cargas familiares	0 puntos

c) Socialización dos menores. Este factor so se terá en conta no caso de que o beneficiario do Servizo de Axuda no Fogar sexa menor de idade, substituíndo os apartados anteriores.

I. Conflicto (máximo 5 puntos)

- Cun membro xerador de conflito (2 puntos)
- Con máis dun membro xerador de conflito (5 puntos)

II. Limitacións de rol (máximo 2 puntos)

Familias en que o/os proxenitor/es ou titor/es teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención os menores (2 puntos).

RENDA DISPOÑIBLE ANUAL	PUNTUACIÓN
Ata o 75% do IPREM	10 puntos
Do 75% ata o 100% do IPREM	6 puntos
Do 100% ata o 125% do IPREM	4 puntos
Do 125% ata o 150% do IPREM	2 puntos
Mais do 150% do IPREM	0 puntos

III. Monoparentalidade (máximo 2 puntos)

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)

IV. Habilidades parentais (máximo 6 puntos)

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (6 puntos)

V. Número de menores (máximo 5 puntos)

- Un menor (1 punto)
- Dous menores (2 puntos)
- Tres ou mais menores ou condición de familia numerosa (5 puntos).

3) Situación socioeconómica dos membros computables (persoa usuaria e, se é o caso, cónxuxe/ parella de feito e ascendentes ou fillos menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente da persoa usuaria), tomando como base a renda dispoñible anual.

Excepcionalmente, no caso de que as relacións entre os membros da unidade familiar sexan moi conflictivas, so se terá en conta a situación económica da persoa beneficiaria.

Puntuación máxima 10 puntos.

a.- Renda dispoñible anual: os ingresos anuais dos membros computables dividido entre o número de membros. Para o cálculo dos ingresos terase en conta: salarios, pensións ou prestacións de calquera clase, intereses bancarios e ingresos por calquera outro concepto.

b.- Indicado Público de Renda de Efectos Múltiples: será a correspondente contía anual fixada na lei de orzamentos do estado para cada ano.

4) Valoración da adecuación do recurso, a criterio do traballador/a social responsable. Puntuación máxima 20 puntos.

Recurso idóneo	20 puntos
Recurso complementario doutro recurso ou do apoio familiar	15 puntos
Recurso temporal mentres se resolve o trámite do recurso idóneo ou intervención coa familia para que presten apoio	10 puntos
Situación non prioritaria	5 puntos
Recurso non innecesario ou que non pode solventar a necesidade de atención	0 puntos

ANEXO XI

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MUROS

GRAO DE SATISFACCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS

Nome e apelidos: _____

INDIQUE O SEU GRAO DE SATISFACCIÓN CO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, ATENDENDO Á SEGUINTE GRADACIÓN:

1. Moi insatisfeito.
2. Bastante insatisfeito
3. Bastante satisfeito.
4. Moi satisfeito.

	1	2	3	4	NS/NC
No cumprimento do horario fixado no acordo de servizo					
Na realización das tarefas fixadas no acordo de servizo					
Na atención persoal e profesional prestada					
Na comunicación e coordinación co técnico responsable					
Na resolución de queixas e suxestións presentadas					
Na percepción de que o servizo cobre as súas necesidades					

INDIQUE O SEU GRAO DE SATISFACCIÓN GLOBAL CO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NUNHA ESCALA DE 1 A 10.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Moi insatisfeito		Bastante insatisfeito			Bastante satisfeito			Moi satisfeito	

OBSERVACIÓNS _____

”

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso- administrativo, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Muros, 30 de xuño de 2010.

O ALCALDE,

Asdo. Domingos Dosil Cubelo.

2010/9908

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Prezo publico axuda no fogar

ANUNCIO

Exposto ao público o acordo provisional, adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2010, de aprobación inicial da nova ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo e axuda no fogar sen que se presentaran reclamacións, queda elevado automaticamente a definitivo, polo que se procede á publicación íntegra do texto da Ordenanza aos efectos establecidos no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

De conformidade co disposto no artigo 41 de Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Artigo 2.- Concepto.

O prezo público publicado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará pola prestación do servizo de axuda no fogar concedida a través dos servizos sociais municipais, de conformidade coa ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello ou pola Comunidade Autónoma dentro do Programa individual de atención á dependencia.

Artigo 3.- Obrigados ao pagamento.

Estarán obrigadas ao pagamento do prezo público:

1.- As persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar por libre concorrencia e sexan dadas de alta nese servizo de acordo co establecido na correspondente ordenanza reguladora.

2.- Quedan igualmente obrigadas ao pagamento as persoas en situación de dependencia que teñan recoñecido o dereito á prestación do servizo de axuda no fogar dentro do programa individual de atención e fixación das intensidades de protección dos servizos para a autonomía e atención á dependencia pola Comunidade Autónoma. Para ser beneficiario do mesmo estarase ó disposto na correspondente ordenanza reguladora do servizo e ás resolucións da CCAA de programa individual de atención a dependencia.

Artigo 4.- Exencións e bonificacións

No caso en que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta do prezo público regulado nesta ordenanza. Non se establecerá ningunha outra exención ou bonificación, agás o disposto en normas con rango legal ou tratados internacionais.

Artigo 5.- Contía

1.- A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fixarase de conformidade coas tarifas establecidas no apartado seguinte, e a súa determinación ou liquidación realizarase no momento da concesión do servizo polo órgano municipal competente, previo informe do técnico/a do servizo económico municipal correspondente, quen comprobará a documentación relativa á capacidade económica e emitirá un informe especificando a achega económica que corresponda das solicitudes con proposta de concesión.

Para aqueles beneficiarios do programa individual de atención á dependencia resoltos pola Comunidade Autónoma, será dita administración a que determine a súa capacidade económica.

2.- O importe do prezo público regulado na presente ordenanza determinarase mediante a aplicación das seguintes tarifas

CAPACIDADE ECONÓMICA EN RELACIÓN CO IPREM	TARIFA (€/hora)
Ata o 100% do IPREM	0
Superior ó 100% e ata o 150%	1,10
Superior ó 150% e ata o 200%	1,50
Superior ó 200% e ata o 250%	1,75
Superior ó 250% e ata o 300%	2,00
Superior ó 300% e ata o 350%	3,00
Superior ó 350% e ata o 400%	4,00
Superior ó 400% e ata o 450%	5,00
Superior ó 450% e ata o 500%	6,00
> do 500%	6,75

Estas tarifas poderán ser obxecto de revisión anual mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

Artigo 6.- Capacidade económica.

1.- A capacidade económica das persoas usuarias do SAF calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida. No suposto de autorizar ao Concello para a obtención dos datos fiscais, terase en conta a última declaración gravada polos Servizos de Facenda.

a). Cálculo da capacidade económica en función da renda:

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade das sumas dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

b). Cálculo da capacidade económica en función do patrimonio:

Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con deducción das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos de cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o Imposto do Patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, so se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

2.- Cálculo da renda da persoa usuaria.

O importe da renda unitaria ou por persoa usuaria será o resultado de dividir as rendas computables entre o número de convivintes. Entenderase por convivintes:

- O perceptor ou perceptores das rendas computables.
- O cónxuxe ou parella de feito que dependa economicamente do perceptor da renda.
- Os ascendentes que convivan e sexan dependentes economicamente do perceptor ou perceptores de renda.
- Os fillos/as menores de 25 anos que sexan dependentes economicamente.
- Os fillos/as maiores de 25 anos en situación de discapacidade e que sexan dependentes economicamente.

Para acreditar a condición de parella de feito deberá achegarse certificado de inscrición no rexistro de parellas de feito da CCAA ou do Concello de Muros.

Entenderase que un convivinte depende economicamente do perceptor ou perceptores de renda cando non perciba ningún ingreso.

Entenderase por persoa con discapacidade aquela que teña recoñecida unha minusvalía mínima dun 65% ou valoración de dependencia.

3.- A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, modificada ao alza, se fose o caso, pola suma da cantidade obtida mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre o importe do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do Imposto sobre o Patrimonio en vigor. Estas porcentaxes aplicaranse en función da idade do interesado a 31 de Decembro do ano ao que correspondan as rendas e patrimonio computables:

TRAMOS DE IDADE	PORCENTAXE
65 e máis anos	5%
De 35 a 64 anos	3%
Menos de 35 anos	1%

Artigo 7.- Obriga de contribuir

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicie a prestación do servizo.

2. As liquidacións practícaranse mensualmente nos primeiros quince días de cada mes.

Artigo 8.- Xestión

1. A xestión do prezo público corresponde á oficina de recadación do Concello.

2. O Departamento de Servizos Sociais remitirá a oficina de recadación a relación mensual con especificación dos datos necesarios para a liquidación do prezo público.

Disposición transitoria

As persoas que a entrada en vigor desta Ordenanza estivesen recibindo os servizos que constitúan a obriga de pago deste prezo público, continuarán coas prestacións autorizadas, pero, en todo caso, seralles de aplicación as tarifas e demais criterios de aplicación establecidos nesta ordenanza. En tanto se determina a referencia de renda que corresponda a cada beneficiario do servizo para a liquidación da conta a ingresar, de acordo coas prescricións dos artigos anteriores, tomarase a cota fixada na resolución de autorización de prestación do servizo. Estas liquidacións terán carácter de liquidación provisional e practícarase a definitiva, complementaria ou con dereito a devolución, segundo proceda, notificándolle ao obrigado o pagamento para o ingreso da cota complementaria ou execución da devolución.

A tal efecto, por parte dos servizos sociais procederase a requerir a documentación acreditativa da renda e patrimonio no prazo dun mes dende a publicación desta ordenanza.

Disposición derogatoria

Queda derogada a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, publicada no BOP de data 1 de Xullo de 2008.

Disposición final

a presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Muros, 28 de xuño de 2010

O ALCALDE

Asdo.: Domingos Dosil Cubelo

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Anuncio relativo á aprobación do padrón de recollida de lixo. Exercicio 2010

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data de 16 de xuño de 2010, aprobou o padrón da taxa de recollida de lixo correspondente o exercicio 2010.

O que se fai público, durante o prazo de 20 días a contar a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio para a eventual presentación de reclamacións.

Negreira, 18 de junio de 2010

Jorge Jesús Tuñas Caamaño

Alcalde-Presidente

2010/9480

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NOIA

Secretaría

Aprobación inicial do programa "Xantar na Casa"

ANUNCIO: APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA.

Faise público, de acordo ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que o Pleno do Concello de Noia en sesión realizada o 25 de xuño de 2010 aprobou inicialmente o Regulamento do programa xantar na casa do Concello de Noia. A partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ábrese un período de información ao público e audiencia a todas as persoas interesadas de 30 días hábiles, durante o cal poderán consultar o expediente na secretaría do Concello de Noia, en horario de 8,30 a 14,15 horas, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Noia, 28 de xuño de 2010

O alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero

2010/9857

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Publicación aprobación inicial expropiación rúa da Brea por imposibilidade notificación afectados

EDICTO

Polo Decreto da Alcaldía nº 2234/10, de 19 de maio, aprobose inicialmente o expediente de expropiación, por taxación conxunta, denominado “Proxecto de expropiación de terreos necesarios para a legalización dun tramo do vial Rúa da Brea – Oleiros”, onde aparece a finca propiedade de DONA MARIA ENCARNACION FERNANDEZ FREIRE.

Tendo en conta que resultou imposible practicar a notificación correspondente no último enderezo coñecido, no Concello de Vigo (Pontevedra), de conformidade co artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, procédese á publicación do Decreto 2234/10 de 19 de maio, para a súa notificación:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral do Concello o día 19 de maio do 2010, que di:

“Asunto: Sobre o proxecto de expropiación de terreos necesarios para a legalización dun tramo del vial “Rúa da Brea”, en Oleiros.

Emítense o presente informe ó abeiro do establecido no artigo 172 do ROF, que dispón que en tódolos expedientes informará o responsable da dependencia que tramita o procedemento.

De acordo coa regra xeral do artigo 83.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, este informe ten carácter facultativo, e non é vinculante para o órgano que resolve.

Antecedentes: Polo estudio de arquitectura “Urbanismo y Arquitectura SA” remitiuse o Proxecto denominado “Proxecto de Expropiación de terreos necesarios para a legalización dun tramo del vial Rúa da Brea” no Concello de Oleiros” para a súa tramitación. Como se expón na memoria deste o Plan Xeral de Oleiros, clasifica como SOLO URBÁN destinado a VIARIO PÚBLICO, o camiño preexistente denominado Rúa da Brea, situado no centro do núcleo urbano. Este camiño serve, dende hai máis de vinte anos, como único acceso as vivendas que a el dan frente, configurándose como único espazo posible para a implantación das redes de instalacións urbanas.

A presenza dun tramo inicial de titularidade privada, en contacto coa Avenida Ramón Núñez Montero, provoca ante a falta de acordo para a cesión do mesmo, a tramitación do presente Expediente de Expropiación, que se circunscribe exclusivamente ó área usada na actualidade como camiño.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente con carácter parcial pola Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, clasifica o terreo obxecto de expropiación como solo URBANO CONSOLIDADO destinado a VIAL PÚBLICO.

O terreo obxecto de expropiación forma parte dunha parcela clasificada polo PXOM de 2009 como solo URBANO CONSOLIDADO Ordenanza 4 de Manzana, fixando un sistema de ordenación por definición de fondo e altura de edificación en formación de manzana cerrada. Trátase dunha parcela con aproveitamento urbanístico, donde materializar un edificio de tres plantas (B + 2), de superficie 280 m2 por planta.

O ámbito territorial deste Proxecto expropiatorio, circunscríbese ao tramo inicial do actual camiño Rúa da Brea, perfectamente delimitado, no seu marxe esquerdo entrando dende a Avda. Ramón Núñez Montero, polo edificio nº 14 da referida avenida e no seu marxe dereito polos muros de cierre das fincas colindantes, alcanzando unha anchura media de 3,40 m. ao largo do mesmo.

Lexislación aplicable:

- Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (9/2002 do 30 de decembro, modificada pola lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes).
- Texto Refundido da Lei do Solo (Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño).
- Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954.
- Regulamento da Lei de expropiación forzosa (Decreto 26 abril 1957).
- Lei Reguladora das bases do réxime local (7/85).

Lexitimación e declaración de utilidade pública.

Os bens a expropiar atopanse no Plan Xeral nun ámbito de solo urbano consolidado destinado a vial público.

O artigo 29 da lei 2/2008, establece:

“1. La expropiación por razón de la ordenación territorial y urbanística puede aplicarse para las finalidades previstas en la legislación reguladora de dicha ordenación, de conformidad con lo dispuesto en esta Ley y en la Ley de Expropiación forzosa.

2. La aprobación de los instrumentos de la ordenación territorial y urbanística que determine su legislación reguladora conllevará la declaración de utilidad pública y la necesidad de ocupación de los bienes y derechos correspondientes, cuando dichos instrumentos habiliten para su ejecución y ésta deba producirse por expropiación.

O artigo 167 da lei 9/2002 establece :

“1.- Los terrenos destinados por el planeamiento a dotaciones locales en suelo urbano consolidado se obtendrán mediante expropiación forzosa...”

Procedemento:

Procedemento de determinación do xusto prezo:

O artigo 30 da Lei 2/2008 e o 142 da Lei 9/2002 establecen:

Artigo 30 da Lei 2/2008: “El justiprecio de los bienes y derechos expropiados se fijará conforme a los criterios de valoración de esta Ley mediante expediente individualizado o por el procedimiento de tasación conjunta...”

A determinación do xusto prezo debe facerse de conformidade co disposto no Título III do TRLS, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño.

No caso de seguir o procedemento de tasación conxunta, o expediente recollerá os documentos relacionados no artigo 143 da Lei 9/2002:

- Delimitación do ámbito territorial, cos documentos que o identifiquen en canto a situación, superficie e lindes, coa descripción de bens e dereitos afectados e a relación das persoas titulares.
- Fixación de prezos coa valoración razoada do solo, según su calificación urbanística.
- Follas de prezo xusto individualizado de cada predio, nas que se conterá non só o valor do solo, senón tamén os correspondentes as edificacións, obras, instalacións e plantacións.
- Follas de xusto prezo que correspondan a outras indemnizacións.

Competencia: De conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público, o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril e o artigo 85 da Lei de Expropiación Forzosa, corresponde ao Alcalde a aprobación do expediente de expropiación.

Tramitación: O proxecto de expropiación recolle:

- a) Delimitación do ámbito territorial.
- b) Fixación do prezo coa valoración razonada do solo
- c) Folla de xusto prezo individualizado do predio.

O proxecto de expropiación cos documentos sinalados, de conformidade co art. 143 da Lei 9/2002 será aprobado inicialmente e exposto ao público polo prazo de un mes, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións ou reclamacións que estimen convintes, en particular no relativo á titularidade ou valoracións dos respectivos dereitos.

A información pública efectuarase mediante inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia.

Así mesmo, as tasacións notificaránselles individualmente ós que aparezcan como titulares de bens ou dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente folla de aprezo e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contando a partir da notificación.

Informadas as alegacións, someterase o expediente a aprobación da Alcaldía. Dita Resolución aprobatoria da expropiación notificarase aos interesados concedéndolles un prazo de vinte días para que poidan manifestar por escrito a súa disconformidade coa valoración. No caso de presentarse disconformidade o expediente e a folla de aprezo remitirase ao Xurado de Expropiación de Galicia, para os efectos de fixa-lo prezo xusto, se non formularan oposición entenderase aceptada a que se fixe no acto aprobatorio do expediente. Os erros non denunciados e xustificadas no prazo sinalado de

exposición ao público non darán lugar a nulidade o reposición de actuacións, sin prexuízo de que os interesados conserven o seu dereito a ser indemnizados na forma que corresponda.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de tasación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, e o pagamento ou depósito do importe da valoración producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, sen prexuízo de que poida seguirse o oportuno expediente para a fijación definitiva do xusto prezo.

Se emite o presente informe, sen prexuízo doutro mellor fundamentado en dereito.”

No uso das facultades atribuídas pola Lei 7/85, a LEF e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007,

RESOLVO,

PRIMEIRO.- O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña dictou sentenza número 00063/2007 no procedemento ordinario nº 169/05 -polo que se impugnaba o Decreto da Alcaldía do Concello de Oleiros polo que se desestima o recurso de reposición interposto por Dona Maria de la Encarnación Fernandez Freire contra o Decreto 421/2005 de 4 de febreiro polo que se aproba inicialmente o procedemento de expropiación forzosa pola modalidade de execución conxunta para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución das previsións do PXMO na denominada Rúa da Brea segundo o proxecto redactado polos servizos técnicos municipais- pola que se declaraba a disconformidade a dereito da resolución recurrida.

Dita sentenza foi confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, sección terceira, en sentenza 00662/2009 que desestimaba o recurso de apelación interposto polo Concello de Oleiros. Por todo o cal anulase en execución de sentenza o procedemento expropiatorio iniciado polo Decreto da Alcaldía nº 421/2005 de 4 de febreiro.

Na súa virtude, dado que consta no expediente acta de ocupación e consignación na Caixa Xeral de Depósitos e posterior retirada a favor da expropiante Dona Encarnación Fernandez Freire –en base à solicitude de devolución do día 29 de decembro do 2005- polo importe de 22.192`43 euros, procede o reintegro de dita cantidade segundo liquidación que se emitirá polo departamento de xestión tributaria do Concello de Oleiros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o expediente e o proxecto de expropiación forzosa por taxación conxunta denominado “Proxecto de Expropiación de terreos necesarios para a legalización dun tramo del vial Rúa da Brea - Oleiros”.

TERCEIRO.- Proceder á súa exposición pública polo prazo de UN MES a través de anuncios no Diario Oficial de Galicia en un xornal dos de maior difusión na Provincia, para a presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

CUARTO.- Notificar individualmente o presente acordo aos afectados mediante traslado da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración para que poidan presentar alegacións durante o prazo de UN MES a contar dende a data de notificación, e que son os seguintes:

“Finca, ref. catastral: 5681406NH5958S0001TI

Propietaria: María de la Encarnación Fernández Freire

Descripción: Porción de terreo de xeito poligonal irregular, cunha superficie de 92`12 m2 destinado a camiño, que linda ao Norte coa Avda. Ramón Núñez Montero e a Comunidade de Propietarios nº 14 da mesma rúa; ao Sur con Dª Encarnación Fernandez Freire; ao Leste coa Comunidade de Propietarios antes citada e Herdeiros de Antonio Fernandez Lopez e ao Oeste con terreo municipal destinado a viario e cedido por D. Carlos Candamio Conchado.

Valoración dos 92`12 m2: 29.537`36 euros máis o 5% do premio de afección.

Valoración total: 31.014`23 euros”

QUINTO.- De non presentarse reclamacións transcorrido o prazo de exposición e audiencia aos interesados no expediente, aprobarase definitivamente o expediente, implicando este acto, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

SEXTO.- Notifíquese o presente Decreto da Alcaldía ao Departamento de Xestión Tributaria para que elabore a correspondente liquidación à que se refire o resolvo PRIMEIRO. Asemade notifíquese ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección Terceira.

SÈTIMO.- Notificarlle a presente Resolución ó interesado, facéndolle saber que contra a mesma, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano administrativo que a dicta, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, LRXAP e PAC. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 118 da Lei 30/92, de 26 de novembro, LRXAP e PAC, de formular a solicitude á que se refire o artigo 102.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.”

Oleiros, 2 de xullo de 2010

O alcalde,

Angel García Seoane

2010/10059

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Secretaría

Expte.: expropiación plan especial de mellora do litoral e infraestruturas no contorno da praia da Torre ata o porto de Taragoña e a desembocadura do río Te

ANUNCIO

Por medio do presente, faise público que o Ilmo. Concello de Rianxo, en sesión plenaria de data de 24 de xuño de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Partindo da declaración de utilidade pública que leva implícita a aprobación definitiva do Plan Especial de Mellora do Litoral e infraestruturas no entorno da praia da Torre, ata o Porto de Taragoña e a Desembocadura do Río Té, recaída na sesión plenaria celebrada polo Concello de Rianxo o día 23/04/2008, e advertido a falla de inclusión de parcelas na relación aprobada o día 23 de outubro de 2008, APROBAR A AMPLIACIÓN DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS as recollidas na folia que se anexa:

PROXECTO DE EXPROPIACIÓN COMPLEMENTARIO A PROXECTO PARA A RECUPERACIÓN DA SERVIDUME DE TRÁNSITO DENDE A PRAIA DA TORRE Ó PORTO DE TARAGOÑA (TRAMO 1), E SUBIDA RÍO TE (TRAMO 2)

TRAMO 1: PRAIA DA TORRE - PORTO DE TARAGOÑA					SUP.= SUPERFICE // S.O. = SUPERFICE OCUPADA // S.L. = SUPERFICIE LIBR						
DATOS CATASTRAIS					DATOS COMPROBADOS						
POL.	PARCELA	PARAXE	SUP.	PROPIETARIO	PROPIETARIO COMPROBADO	N.I.F.	ENDEREZO	SUP. P.	S.O.	S.D.P.M.T.	S.L.
66	200	SÚA RIBEIRA	514	MANUEL NOVO LORENZO	MANUEL NOVO LORENZO	33195779V	LG. DE MONTE DE DORNA, N° 21. TARAGOÑA. RIANXO	66,73	56,36	10,37	0,00
66	356	TRIGUEIRA	475	JOSEFA OTERO CES	JOSEFA OTERO CES	76467606N	LG. FACHÁN. TARAGOÑA. RIANXO	487,55	9,11	0,00	478,44
66	366	TRAS HORTA	507	MANUEL FERNÁNDEZ OTERO	MANUEL FERNÁNDEZ OTERO	35407646C	LG. CASTRIÑO. TARAGOÑA. RIANXO	506,92	31,89	0,00	475,03
66	478	ABESADA	209	RAMÓN FUNGUEIRIÑO BEIRO	RAMÓN FUNGUEIRIÑO BEIRO		RIANXO	195,51	79,59	0,00	115,92
66	479	ABESADA	441	SILVERIO FIGUEIRO RAÑO	SILVERIO FIGUEIRO RAÑO	33111392	LG. CHORENTE. TARAGOÑA. RIANXO	428,75	428,75	0,00	0,00
66	484	SUS OLMOS	331	DOLORES ESPERANTE OTERO	DOLORES ESPERANTE OTERO	33149955D	LG. TARAGOÑA. RIANXO	380,87	265,24	0,00	115,63
66	486	CANDEIRA	434	PILAR NINE RESÚA	PILAR NINE RESÚA	35389491N	LG. CASTRIÑO. TARAGOÑA. RIANXO	552,62	40,90	0,00	511,72
66	868	COBA	302	MARÍA FIGUEIRO RAÑO	MANUEL OUVIÑA CAROU	76967190J	AVDA. BARRAÑA, N° 5 - 5°E. BOIRO	394,03	44,68	0,00	349,35
66	927	POSTA	80	MANUEL FERNÁNDEZ OTERO	MANUEL FERNÁNDEZ OTERO	35407646C	LG. CASTRIÑO. TARAGOÑA. RIANXO	101,22	13,26	0,00	87,96
66	929	POSTA	187	MANUEL TUBÍO CES	MANUEL TUBÍO CES	76501206D	LG. CRUCEIRO. TARAGOÑA. RIANXO	109,46	36,12	0,00	73,34
66	943	PEDRA VIUDA	200	JOSÉ MANUEL GAGO IGLESIAS	JOSÉ MANUEL GAGO IGLESIAS	76514068Z	LG. CRUCEIRO. TARAGOÑA. RIANXO	152,25	0,89	0,00	151,36
66	960	POSTA			INOCENCIO RIVAS CES	33193906F	RÚA HOSPITAL, N° 20 A. RIANXO	228,83	9,27	0,00	219,56
66	976	CORREDOIRA POSTA	237	MANUEL TUBÍO CES	MANUEL TUBÍO CES	76501206D	LG. CRUCEIRO. TARAGOÑA. RIANXO	261,56	24,42	0,00	237,14
66	1253	VEIGA SECA	627	MANUEL NOVO LORENZO	MANUEL NOVO LORENZO	33195779V	LG. MONTE DE DORNA, N° 21. TARAGOÑA. RIANXO	718,25	286,73	72,39	359,13
66	1266	VEIGA SECA	701	JOSÉ BENITO GONZÁLEZ PIÑEIRO	JOSÉ BENITO GONZÁLEZ PIÑEIRO	33075154G	RÚA S. LÁZARO, N° 13. A POBRA DO CARAMIÑAL	776,31	82,54	0,00	693,77
66	1268	VEIGA SECA	201	DOLORES LENS OTERO	DOLORES LENS OTERO	33181498L	LG. CASTRIÑO. TARAGOÑA. RIANXO	237,31	45,74	0,00	191,57
				MANUEL FERNÁNDEZ OTERO	MANUEL FERNÁNDEZ OTERO	35407646C					
66	1356	OS ANOVADOS	191	PILAR NINE RESÚA	PILAR NINE RESÚA	35389491N	LG. CASTRIÑO. TARAGOÑA. RIANXO	45,12	45,12	0,00	0,00
66	15018	ABESADA			JOSÉ BENITO GONZÁLEZ PIÑEIRO	33075154G	RÚA S. LÁZARO, N° 13. A POBRA DO CARAMIÑAL	167,11	52,31	0,00	114,80
66	15024	SARILLO			AMALIA OTERO COSTAS	33075038A	LG. CRUCEIRO. TARAGOÑA. RIANXO	132,83	17,99	0,00	114,84
TOTAL								5643,29	1500,61	82,76	4059,93

TRAMO 2: SUBIDA RÍO TE					SP.= SUPERFICIE PARCELA // S.O. = SUPERFICIE OCUPADA // S.L. = SUPERFICIE LIBRE // S.D.P.M.T. = SUPERFICIE EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE							
POL.	PARCELA	PARAXE	SUP.	PROPIETARIO	PROPIETARIO COMPROBADO	N.I.F.	ENDEREZO	S.P.	S.O.	S.D.P.M.T.	S.L.	
64	248	VEIGA DE TE	110	MARÍA DEL CARMEN CES TUBÍO		76467111T	LG. DE TARAGOÑA. RIANXO	357,47	355,31	2,16	0,00	
66	1646	AGRO DE ABAIXO	261	JOSÉ MANUEL GAGO IGLESIAS		76514068Z	LG. DO CRUCEIRO. TARAGOÑA. RIANXO	233,75	18,44	0,00	215,31	

Segundo: Publicar dita relación de bens e dereitos mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello, nun dos periódicos de maior difusión da provincia, así como notificar individualmente aos afectados para que poidan facer as alegacións que consideren oportunas, no prazo de quince días hábiles.

Terceiro: Á vista das alegacións formuladas por as persoas que comparezan na información pública, o Pleno do Concello resolverá no prazo máximo de vinte días sobre a necesidade de ocupación, describindo na resolución detalladamente os bens e dereitos a que afecta a expropiación.

En virtude deste acordo plenario, ábrese período de información pública durante un prazo de quince días hábiles, contados dende a data da última das publicacións ou notificacións individualizadas, para que os propietarios que figuran na relación adxunta poidan formular por escrito as alegacións que consideren oportunas ou rectificación da titularidade dos terreos, dacordo co previsto na Lei de Expropiación Forzosa e Regulamento para a súa aplicación.

Esta publicación servirá de notificación para os interesados descoñecidos ou de ignorado domicilio aos efectos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo Común.

Rianxo, a 25 de xuño de 2010.

Asdo.: pedro piñeiro hermidia

Alcalde-presidente

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sección Municipal de Contratación

Licitación do servizo de dinamización social, igualdade de oportunidades, formación e educación de colectivos en risco de exclusión

ANUNCIO DE LICITACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

OBJECTO DO CONTRATO: prestación do servizo de dinamización social, igualdade de oportunidades, formación e educación de colectivos en risco de exclusión.

Esta contratación forma parte das actuacións incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013.

REFERENCIA DO EXPEDIENTE: CON/72/2010.

TIPO DE LICITACIÓN: 603.448,27 euros.

PRAZO DE EXECUCIÓN: establécese un prazo de execución de 3 anos e 6 meses.

ADXUDICACIÓN: procedemento aberto.

PROPOSICIÓNS: Os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (r/ Presidente Salvador Allende, n.º 4, CP 15705 Santiago), entre as 9.00 e as 14.00 horas, dentro do prazo de 15 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: grupo U, subgrupo 7, categoría B.

DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: perfil municipal de contratante: www.santiagodecompostela.org. Correo electrónico: plopezb@santiagodecompostela.org.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: son os sinalados no artigo 10.2 do prego de cláusulas administrativas.

GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do importe de adxudicación.

APERTURA DE PLICAS: as datas de apertura dos sobres que conteñen os diferentes criterios de adxudicación a valorar nesta licitación, que terán lugar en acto público no Departamento de Contratación (r/ Presidente Salvador Allende, n.º 6-8), anunciaranse previamente no perfil de contratante do órgano de contratación nos termos sinalados no correspondente prego de cláusulas administrativas.

GASTOS DE ANUNCIOS: o gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2010.

O ALCALDE

Asdo.: José A. Sánchez Bugallo

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo

Negociado de Licenzas de Apertura. Anuncio de información pública

DOUBLE RUM SL solicitou licenza municipal de apertura para CAFÉ-BAR na RÚA FREI ROSENDO SALVADO (DE), 9 000, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA). Consonte o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas de 27 de agosto de 1982, sométese a información pública por un prazo de DEZ DÍAS hábiles para que todas as personas que se encontren afectadas poidan formular por escrito as reclamacións que consideren pertinentes. O correspondente expediente LAP/253/2008 pode consultarse no Negociado de Aperturas deste Concello.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2010.

A concelleira delegada de Urbanismo e Patrimonio

Asdo: Mercedes Rosón Ferreiro

2010/9888

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo

Negociado de licenzas de apertura. Anuncio de información pública

MESON TRIACASTELA solicitou licenza de apertura para restaurante en Escalinata TRIACASTELA 5, 000 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA). Consonte o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de, sométese a información pública por un prazo de DEZ DIAS hábiles para que todas as personas que se encontren afectadas poidan formular por escrito as reclamacións que consideren pertinentes. O correspondente expediente LAP/180/2010 pode consultarse no Negociado de Aperturas deste Concello.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2010

A Concelleira Delegada de Urbanismo e Patrimonio

Asdo: Mercedes Rosón Ferreiro

2010/9889

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo

Negociado de licenzas de apertura. Anuncio de información pública

PENSADO GARCIA SL solicitou licenza de apertura para cafetería-restaurante na Avenida BARCELONA (DE) 35, 000 0005 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA). Consonte o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, sométese a información pública por un prazo de DEZ DIAS hábiles para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan formular por escrito as reclamacións que consideren pertinentes. O correspondente expediente LAP/181/2010 pode consultarse no Negociado de Aperturas deste Concello.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2010

A Concelleira Delegada de Urbanismo e Patrimonio

Asdo: Mercedes Rosón Ferreiro

2010/9891

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promoción Económica, Emprego e Comercio

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial 2010

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN COMERCIAL NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2010

1.º. Obxecto.

Establécense as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Comercio do Concello de Santiago para a realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago de Compostela.

2.º. Beneficiarios.

Poderán resultar beneficiarios das axudas previstas nesta convocatoria as asociacións de comerciantes, sen fins de lucro, ou ben calquera outra entidade representativa de pequenas e medianas empresas comerciais, sen fins de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Ter a súa sede social e ámbito de actuación no Concello de Santiago de Compostela.
- Non estar integradas por empresas comerciais que operen en mercados municipais suxeitos a concesión administrativa.

3.º. Actuacións subvencionables.

Considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2010 e a data límite de xustificación establecida na base 11.º da presente convocatoria, as actuacións de promoción e dinamización comercial cuxo ámbito de actuación ou repercusión sexa o municipio de Santiago de Compostela, tales como:

- Actuacións de fidelización de clientela.
- Actividades destinadas a potenciar as distintas tempadas comerciais do ano.
- Implantación ou mantemento de servizos de apoio ao comercio retallista.
- Actuacións de dinamización comercial en rúa.
- Aquelas outras actuacións de interese e transcendencia cuxo obxectivo sexa a promoción e dinamización do comercio retallista da cidade.

Serán subvencionables, para as actuacións indicadas, os custes de persoal e os de administración específicos, sempre e cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación e execución da mesma. Neste tipo de custes deberá especificarse a porcentaxe do mesmo que é imputable á/s acción/s subvencionable/s.

Non serán subvencionables en ningún caso os custes relativos á adquisición de bens inmobles e/o seu mantemento.

Segundo o artigo 29.8.º da Lei 9/2007, non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

4.º. Contía.

A porcentaxe de subvención poderá acadar ata o 50% do custe máximo subvencionable, co límite de 15.000 euros por cada entidade solicitante.

O custe máximo subvencionable virá dado polo custe total previsto por cada entidade na súa solicitude minorado, no seu caso, naquelas actuacións/custes que non se consideren subvencionables ao amparo do disposto na base 3.ª, e que resulte aprobado pola Xunta de Goberno Local na resolución de concesión.

Esta axuda será compatible con outras axudas concedidas para a mesma finalidade sempre e cando a subvención concedida ao abeiro desta convocatoria, illadamente ou en concorrencia coas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non supere o custo total da/s actividade/s subvencionada/s.

5.º. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración a ter en conta, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

A) Incardinación da/s actuación/s nas seguintes áreas:

- Formación e capacitación comercial
- Promoción da creación de novas iniciativas comerciais
- Contribución da acción á creación de espazos de paseo e ocio na cidade.
- Actuacións de promoción de melloras para os comercios en activo, especialmente no referente a:
 - Implantación de sistemas de calidade
 - Novas liñas de negocio
 - Atención ao público
 - Aforro enerxético e desenvolvemento sostíbel.

Ata 5 puntos.

B) Público ao que vai dirixido:

- Establecementos comerciais afectados polo proxecto.
- Consumidores finais afectados. Valorarase especialmente actividades dirixidas especificamente aos seguintes colectivos: estudantes e turistas.

Ata 3 puntos. Deberá acreditarse ou indicarse en todo caso na memoria o número de establecementos e persoas aos que a actividade vaia dirixida.

C) Amplitude de impacto comercial nas áreas de influencia do Concello de Santiago de Compostela.

Ata 1 punto.

D) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria.

Ata 1 punto.

6.º. Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes dirixiranse á Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Comercio do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (Rúa Presidente Salvador Allende, 4 Baixo), nalgún dos seus rexistros auxiliares (rúa de Berlín, 13 e rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16) ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime xurídico e procedemento administrativo común, xunto coa seguinte documentación, por duplicado, en orixinal ou fotocopia compulsada notarialmente ou polo Secretario do Concello de Santiago ou persoal en quen delegue, polo menos unha delas, agás a memoria que bastará con achegar un único exemplar:

a) Solicitude cumprimentada en modelo de instancia oficial asinada pola persoa que ostente a representación legal da asociación/entidade solicitante.

b) Acta, estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente, así como código de identificación fiscal.

c) Poder suficiente do representante da asociación/entidade solicitante, acompañado do documento nacional de identidade.

d) Memoria explicativa da/s actuacións/s de promoción e dinamización comercial obxecto de subvención, acompañada de orzamento detallado de custes, agrupados por actuacións a executar. A memoria deberá conter todos os datos que permitan a súa valoración consonte os criterios recollidos na base 5.ª. A falta de recollida na memoria dalgún dos aspectos obxecto de valoración determinará o outorgamento de 0 puntos nese criterio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministros ou prestación de servizos, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente a elección cando non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

e) Declaración asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin por calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.

f) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

g) Certificacións da Administración competente de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Facenda (AEAT, e Dirección Xeral de Tributos da Xunta de Galicia) e Concello de Santiago.

h) Declaración responsable de quen ostente a representación legal da asociación/entidade de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2.º e 3.º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

i) Declaración de documentación presentada, que se achega como anexo I, no seu caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder da administración, achegará no seu lugar, debidamente cuberta, dita declaración responsable coa identificación do expediente e manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.

2. As compulsas que resulten necesarias poderán realizarse nas oficinas da Concellaría de Promoción Económica.

3. Se a instancia fóra presentada a través de medio distinto de calquera dos rexistros municipais do Concello de Santiago deberá remitirse, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao número de Fax 981 543 193.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos no punto anterior, requirirase ao interesado para que no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no caso contrario terase por desistido na súa petición, previa resolución nos termos do artigo 42 da Lei 30/92. Este requirimento de emenda tamén se fará nos supostos de imposibilidade material de obter algún do/s documento/s relacionado/s polo interesado na "Declaración de documentación presentada".

7.º. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de admisión de solicitudes remata o 19 de xullo de 2010.

8.º. Instrución e resolución do procedemento.

Recibidas as solicitudes, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Comercio. Esta realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución. A avaliación das solicitudes, consonte aos criterios de valoración establecidos na base 5.ª, realizarase por órgano avaliador constituído ao efecto, integrado por cinco membros, todo eles persoal técnico de distintos departamentos municipais. Á vista do expediente e da acta da xuntanza do órgano avaliador onde se concrete o resultado da avaliación efectuada, a Concellaría de Promoción Económica formulará proposta de resolución que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

A Xunta de Goberno Local resolverá de xeito motivado e expresará, cando menos, o custe máximo subvencionable e actuacións ao que se vincula, en atención á solicitude do interesado, e a contía da subvención concedida, ou se é o caso, a causa de denegación.

O procedemento resolverase e notificarase a súa resolución no prazo máximo de 4 meses a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Transcorrido o prazo máximo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude estenderase desestimada por silencio administrativo.

9.º. Aceptación e renuncia.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a Xunta de Goberno Local ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da LRXPAC.

10.º. Obrigas do beneficiario.

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade que determine a concesión.

- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

– Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.

11.º. Xustificación.

A data límite de xustificación será o 15 de novembro de 2010. Para iso o beneficiario deberá presentar, por duplicado, a través das formas previstas para a solicitude, a documentación seguinte, en orixinal ou fotocopia compulsada notarialmente ou polo Secretario do Concello de Santiago ou persoal en quen delegue aló menos unha delas, agás a memoria que bastará con achegar un único exemplar:

a) Memoria explicativa da/s actuacións/s de promoción e dinamización comercial realizadas.

No suposto previsto na base 6.1.d) deberá achegarse a seguinte documentación:

1. copia dos orzamentos solicitados, con indicación do orzamento seleccionado e xustificación expresa do provedor elixido cando a elección non recaia na oferta económica máis vantaxosa ou cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren ou presten o servizo.

b) Anexo II “Xustificación de subvencións” debidamente cuberto e asinado polo representante legal da entidade beneficiaria. Xunto a dito anexo achegarase as facturas, ou documentos substitutivos nos casos previstos no RD 1496/2003 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que acrediten a realización dos custes, en relación nominativa, agrupadas por accións realizadas, segundo corresponda. Ás facturas deberán xuntárselles os documentos acreditativos do seu pagamento. Aceptaranse como xustificantes as nóminas do persoal colaborador, nos que figuren claramente o nome e apelidos do receptor, o seu DNI e a cantidade percibida. Non se admitirán pagos en metálico salvo cantidades inferiores a 1.000 euros e en total ditos pagos non poderán exceder de 3.000 euros.

c) Certificación da titularidade de conta bancaria.

d) Poderanse requirir novos certificados de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Facenda (AEAT, e Dirección Xeral de Tributos da Xunta de Galicia) e Concello de Santiago, no suposto de expiración da validez dos achegados coa solicitude inicial.

Se a xustificación fóra presentada a través de medio distinto de calquera dos rexistros municipais do Concello de Santiago deberá remitirse, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao número de Fax 981 543 193.

A xustificación será obxecto de informe e proposta da Concellaría de Promoción Económica e Comercio e elevarase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso a Xunta de Goberno Local ditará a oportuna resolución nos termos do artigo 42.1 da LRPAC.

12.º. Pagamento.

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito de 52.650 Euros imputable á partida orzamentaria 62200 48901 dos orzamentos municipais do ano 2010.

A axuda minorarase proporcionalmente se o importe xustificado fora inferior ao custe máximo subvencionable e sempre que estea garantida a consecución do obxecto. Entenderase cumprida a finalidade da subvención pola realización do seu obxecto nas súas liñas principais sempre e cando se houbera realizado o 60% de cada unha das actuacións subvencionables. Na fase de xustificación, poderán compensarse custes dunha actividade con outra, sempre e cando a desviación non exceda do 20% de cada unha das actividades.

13.º. Recursos.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

14.º. Reintegro.

Procederá a revogación da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

15.º. Entrada en vigor e vixencia.

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

16.º. Normativa aplicable.

En todo o no disposto nas presentes bases resultará de aplicación a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

A presente axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE n.º L379/5, do 28 de decembro).

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2010.

Asdo.: Xosé Manuel Iglesias Iglesias.

Concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO I**DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**

D. _____, con DNI _____ en nome e representación da empresa _____
 _____, con CIF _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____

DECLARA:

Que a documentación enumerada a continuación xa obra en poder do Concello de Santiago e non sufriu ningún tipo de variación desde a súa presentación (indicar número de expediente e asunto para a súa localización):

1.

.....

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a __ de _____ de 2010.

Asdo.: _____

ANEXO II**XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS**

D. como representante legal de:

Entidade beneficiaria
CIB/NIF

CERTIFICO:

1.º.-Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade.

Actividade ou programa:
Convocatoria:
Datas de realización:
Importe da actividade:
Importe da subvención concedida:

2.º.–Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

N.º	CONCEPTO	IMPORTE	FECHA PAGO
IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA			

Que se achegan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estes gastos, así como a xustificación do seu pago.

3.º.–Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL	

4.º.–Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

5.º.–Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a ...

6.º.–Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

O que asino en ... a data de ...

Sinatura

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS SOMOZAS

Adjudicación definitiva de la antigua escuela de Pastoriza

ANUNCIO

Por resolución de la Alcaldía de fecha 17 de junio de 2010 se adjudicó definitivamente el contrato de enajenación del bien INMUEBLE SITO EN EL LUGAR DE PASTORIZA (ANTIGUA ESCUELA), lo que se publica a los efectos del artículo 138 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público.

1. Entidad adjudicadora.

- a) Organismo: Ayuntamiento de As Somozas.
- b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.
- c) Dirección de internet del perfil de contratante: www.assomozas.org.

2. Objeto del contrato.

- a) Tipo de contrato: enajenación
- b) Descripción: enajenación ANTIGUA ESCUELA DE PASTORIZA.
- c) Medio de publicación del anuncio de licitación: BOP N.º 76, DE 26/04/2010
- d) Fecha de publicación del anuncio de licitación: 26 de abril de 2010.

3. Tramitación y procedimiento.

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedimiento: abierto.

4. Presupuesto base de licitación.

Importe neto: 5.054,00 euros. IVA (16%): 808,64. Importe total: 5.862,64 euros.

5. Adjudicación.

- a) Fecha: 17 de junio de 2010.
- b) Contratista: DOÑA ADORACIÓN LÓPEZ PUENTES.
- c) Importe o canon de adjudicación. Importe neto: 5.100,00 euros. IVA (16%): 816,00. Importe total: 5.916,00 euros.

En As Somozas, 18 de junio de 2010.

El alcalde

Fdo.: Manuel Candocia Ramos

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS SOMOZAS

Adjudicación definitiva de la finca número 436-20

ANUNCIO

Por resolución de la Alcaldía de fecha 21 de junio de 2010 se adjudicó definitivamente el contrato de enajenación del bien finca núm. 436-20 ubicada en la urbanización de O Carballo-Iglesia-As Somozas, lo que se publica a los efectos del artículo 138 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público.

1. Entidad adjudicadora.

- a) Organismo: Ayuntamiento de As Somozas.
- b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.
- c) Dirección de internet del perfil de contratante: www.assomozas.org.

2. Objeto del contrato.

- a) Tipo de contrato: enajenación.
- b) Descripción: enajenación FINCA NÚM. 436-20, ubicada en la urbanización O Carballo-Iglesia-As Somozas.
- c) Medio de publicación del anuncio de licitación: BOP N.º 67, DE 13/04/2010.
- d) Fecha de publicación del anuncio de licitación: 13 de abril de 2010.

3. Tramitación y procedimiento.

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedimiento: abierto.

4. Presupuesto base de licitación.

Importe neto: 10.857,67 euros. IVA (16%): 1.737,23. Importe total: 12.594,90 euros.

5. Adjudicación.

- a) Fecha: 21 de junio de 2010.
- b) Contratista: D. DAVID MARTINEZ RODRIGUEZ Y DOÑA CARMEN SUEIRAS MARTINEZ.
- c) Importe o canon de adjudicación. Importe neto: 10.857,67 euros. IVA (16%): 1.737,23. Importe total: 12.594,90 euros.

En As Somozas, 18 de junio de 2010.

El alcalde

Fdo.: Manuel Candocia Ramos

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS SOMOZAS

Enaxenación da parcela número 2 na ampliación do parque empresarial das Somozas

ANUNCIO

Polo Pleno do Concello de data 23 de xuño de 2010 aprobouse a enaxenación do ben inmoble: PARCELA NÚM. 2 NA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DAS SOMOZAS (A CORUÑA) mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis ventaxosa, un único criterio de adjudicación ao prezo máis alto e o prego de cláusulas administrativas particulares.

Publicase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no perfil de contratante, por prazo de oito días, o anuncio de licitación do contrato de enaxenación do ben, para seleccionar ao comprador do mesmo, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1. Entidade adjudicadora.

- a) Organismo: Concello das Somozas.
- b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.

2. Obxeto do contrato.

- a) Descrición do obxeto: PARCELA NÚM. 2 NA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE AS SOMOZAS (A CORUÑA)

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: urxente.
- b) Procedimento: aberto con un único criterio de adjudicación.

4. Presuposto base de licitación.

Importe total: 1.215.000,00 euros, máis o 18% de IVE (218.700,00 euros).

5. Garantía provisional: non se esixe.

6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade: Concello das Somozas.
- b) Enderezo: lugar Igrexa, núm. 1.
- c) Localidade e código postal: As Somozas - 15565.
- d) Teléfono 981404101.
- e) Telefax 981404303.

7. Requisitos específicos do contratista.

Os que se establecen no prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Criterios de valoración das ofertas.

Para a valoración das proposicións e da determinación da oferta economicamente máis ventaxosa atenderáse exclusivamente o prezo máis alto das proposicións presentadas.

9. Presentación das ofertas.

- a) Data límite de presentación: 8 días desde a publicación deste anuncio no BOP
- b) Documentación a presentar: as esixidas no prego de cláusulas administrativas.
- c) Lugar de presentación:
 - 1.ª. Entidade: Concello das Somozas.
 - 2.ª. Enderezo: lugar Igrexa, 1.
 - 3.ª. Localidade e código postal: As Somozas - 15565

10. Apertura das ofertas.

- a) Entidade: Concello das Somozas.
- b) Enderezo: lugar Igrexa, 1.
- c) Localidade: As Somozas.

d) Data: o seguinte día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións.

e) Hora: 12.00 horas.

11. Gastos de anuncios.

Por conta do adxudicatario.

12. Perfil do contratante onde figuren as informaciones relativas á convocatoria: www.assomozas.org.

As Somozas, 24 de xuño de 2010.

O alcalde

Asdo.: Manuel Candocia Ramos

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VAL DO DUBRA

Modificación orzamento

ANUNCIO

O Pleno do Concello, en sesión do día 17 de xuño de 2010 acordou modificar a Base de execución 14ª do Orzamento municipal a partir do 1 de xuño de 2010, reducindo o salario dos cargos con dedicación exclusiva nun 7%, pasando a ser a retribución do señor alcalde a cantidade de “Tres mil catrocentos sesenta euros brutos mensuais (3.460 euros)”.

Dando cumprimento ó disposto nos artigos 127 do Real decreto legislativo 781/86 e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público na Secretaría deste Concello, durante un prazo de quince días hábiles -que comezarán a contarse dende o seguinte á inserción do presente edito no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan ser formuladas cantas reclamacións sexan consideradas pertinentes, e que debéran ir dirixidas ó Sr.Alcalde-Presidente desta Corporación.

Val do Dubra, 28 de xuño de 2010

O alcalde

Juan Manuel Baleato Iglesias

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VAL DO DUBRA

Aprobación conta xeral 2009

ANUNCIO

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2009, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público, cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta entidade, por espacio de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o mencionado prazo de exposición e oito días máis, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

VAL DO DUBRA, 30 de xuño de 2009

O Alcalde.

Juan Manuel Baleato Iglesias

2010/9870

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Bases convocatoria praza auxiliar de Administración Xeral

ANUNCIO

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 17 de xuño de 2010 aprobou as seguintes

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, EN PROPIEDAD, QUENDA LIBRE, DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Primeira.-Número, denominación e características.

Unha praza de Auxiliar, encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, clasificadas no grupo "C2".

Segunda.-Normas Xerais

Sistema de provisión.

Oposición en quenda libre.

Terceira.-Requisitos dos aspirantes.

3.1.-Para participar nas probas selectivas cómpre:

a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Unión europea nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán facelo constar na instancia, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo en calquera Administración pública do Estado, comunidade autónoma ou entidade local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e) Estar en posesión do título de Graduado Escolar, FP1 ou equivalente.

3.2.- Específicos.

Estar en posesión dos indicados nas bases específicas para cada unha das prazas indicadas.

Cuarta.-Presentación de instancia.

As persoas que desexen participar nas probas selectivas presentarán unha solicitude dirixida ao señor alcalde-presidente deste Concello, na que farán constar que reúnen todos os requisitos sinalados na base terceira anterior. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Coa solicitude achegarán:

a) Copia cotexada do DNI. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar, deberán presentar unha copia cotexada do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir por conta ou estar a cargo dun nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar declaración xurada ou promesa deste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive por conta destes ou está ao seu cargo.

b) Xustificante acreditativo de aboamento dos dereitos de exame na conta corrente da que é titular este Concello na entidade bancaria CAIXA GALICIA, número 2091 0330 67 3040005550. Esta cantidade non será devolta nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado polo que, no suposto de exclusión por non cumprir os requisitos ou non achegar os documentos esixidos na convocatoria non se procederá á devolución. As taxas que deberán satisfacerse serán as seguintes:

DENOMINACIÓN POSTO	TAXA
AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL	15,00 euros

Quinta.-Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde-presidente ditará, no prazo máximo dun mes, resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos da Casa do Concello. Na dita resolución, indicárase o nome, apelidos e DNI dos/das admitidos/as e excluídos/as e indicárase, no seu caso, as causas da exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días para presentar emendas, nos termos do artigo 71 da Lei 30/92.

Unha vez transcorrido o dito prazo, o alcalde-presidente ditará resolución definitiva, que levará implícita a estimación ou desestimación das solicitudes de emenda e que se publicará no BOP e no taboleiro de editos da Casa do Concello, xunto coa composición do tribunal, lugar, data e hora de comezo do primeiro exercicio.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoque. Cando da documentación que debe presentarse no caso de superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en tódolos dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

Contra a resolución do alcalde-presidente aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben en recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, segundo o artigo 46 da lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva mencionada no parágrafo anterior, se advertira nas solicitudes e documentación achegada polos/as aspirantes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto non emendable e resolverase dita exclusión.

Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Sexta.-Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador está constituído da seguinte forma:

Presidente: Un/unha funcionario/a do Concello de Vedra pertencente ao grupo C2 ou superior.

Secretario: O secretario do Concello, ou funcionario en quen delegue.

Vogais: Catro funcionarios ou laborais fixos designados pola Alcaldía, un deles, cando menos, pertencente a unha administración distinta do Concello de Vedra.

O/a secretario/a do tribunal cualificador terá dereito a voz pero non a voto.

En todo caso a constitución do tribunal cualificador deberá respectar o establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 28 da LRXAP e PAC ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación a súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes, limitándose estes/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidade técnicas.

Os/as vocais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada (R.D. 896/91 de 7 de xuño, art. 4 e).

Sétima.-Desenvolvemento das probas selectivas.

